

CURSO ACADÉMICO: 2019-2020.

GRAO EN SOCIOLOXÍA

CONVOCATORIA: XUÑO 2019.

ANÁLISE SOCIOLINGÜÍSTICA DO USO DO GALEGO NO ESTUDANTADO DA  
UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

ANÁLISIS SOCIOLINGÜÍSTICA DEL USO DEL GALLEGO EN EL  
ESTUDIANTADO DE LA UNIVERSIDAD DE A CORUÑA.

A SOCIOLINGUISTIC ANALYSIS OF THE USE OF GALICIAN IN THE  
STUDENTS OF UNIVERSITY OF A CORUÑA.

Tomás Ferreira Garza

Dirixido por:

Raimundo Otero Enríquez e Belén Fernández Suárez

**RESUMO:**

Dende sempre o galego e o castelán conviviron nun mesmo territorio. O galego, ó longo da historia, tivo épocas gloriosas e outras escuras. Dende a chegada da democracia, a Administración Autónoma procura, mediante diferentes normativas, a normalización do galego. Actualmente, este idioma atopase nun entorno onde o bilingüismo, a diglosia e os distintos prexuízos asociados á lingua están presentes. No eido universitario, como en todos os niveis educativos, é moi importante saber cal é o estado do galego, así como coñecer cal é a súa evolución ó longo do tempo. Este traballo ten como propósito investigar acerca destes temas, así como facer comparacións con outros estudos semellantes tendo como poboación obxectivo o estudiantado da UDC. Ademais, analízase, dende unha perspectiva cuantitativa, que características sociodemográficas (clase social, municipio de empadramento, sexo e área de coñecemento) inciden máis á hora de que unha persoa fale un determinado idioma na UDC.

*Palabras chave: sociolingüística, socioloxía da linguaxe, galego, UDC, estudantes.*

**RESUMEN:**

Desde siempre el gallego y el castellano conviven en un mismo territorio. El gallego, a lo largo de la historia, tuvo épocas gloriosas y otras oscuras. Desde la llegada de la democracia, la Administración Autonómica procura, mediante diferentes normativas, la normalización del gallego. Actualmente, este idioma se encuentra en un entorno donde el bilingüismo, la diglosia y los distintos prejuicios asociados a la lengua están presentes. En el ámbito universitario, como en todos los niveles educativos, es muy importante saber cuál es el estado del gallego, así como conocer cuál es su evolución a lo largo del tiempo. Este trabajo tiene como propósito investigar acerca de estos temas, así como hacer comparaciones con otros estudios parecidos teniendo como población objetiva el estudiantado de la UDC. Además, se analizará, desde una perspectiva cuantitativa, qué características sociodemográficas (clase social, municipio de empadronamiento, sexo y área de conocimiento) inciden más a la hora de que una persona hable un determinado idioma en la UDC.

*Palabras clave: sociolingüística, sociología del lenguaje, gallego, UDC, estudiantes*

**ABSTRACT:**

Since forever, Galician and Spanish languages have lived together in same territory. Galician language had glorious and dark periods throughout history. Since the arrival of democracy, The Autonomous Administration has been trying to achieve, by different standardizations, the Galician language normalization. Galician is in a context of bilingualism, diglossia and the different prejudices associated with the language are present at this time. At the university field, as at all education levels, it is very important to know which is the Galician language condition, as well as to know its evolution over time. The purpose of this work is to research about these topics, as well as to make comparisons with other similar studies having as target population the UDC student body. Furthermore, it will be analyzed which sociodemographic characteristics (social class, registration of residency municipality, gender and scientific area) have more impact when a person speaks a certain language at UDC from a quantitative perspective.

*Key words: sociolinguistics, sociology of language, Galician, UDC, students*

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN .....	6
1.1. Xustificación da investigación .....	6
1.2. Obxectivos .....	7
1.3. Tipo de investigación .....	8
2. MARCO TEÓRICO .....	9
2.1. Socioloxía e lingua: principais aportes para entender a situación do galego... 10	
2.2. Repaso histórico da situación e uso do galego .....	14
2.2.1. Século XIX .....	15
2.2.2. Século XX .....	16
2.2.3. A política lingüística durante a democracia en Galicia .....	18
2.3. A universidade e o galego .....	20
3. HIPÓTESES .....	23
4. METODOLOXÍA .....	26
4.1. Deseño do cuestionario e estratificación mostral .....	27
4.2. A clase social no cuestionario .....	31
5. ANÁLISE DE RESULTADOS .....	33
5.1. Caracterización da mostra .....	33
5.2. Uso do galego no contorno .....	36
5.3. Percepción do uso do galego na sociedade .....	44
5.4. Uso do galego na UDC .....	46
6. CONCLUSIÓNS .....	58
6.1. Fortalezas e debilidades do traballo .....	64
7. BIBLIOGRAFÍA .....	68
7.1. Normativa xurídica .....	72
8. ANEXOS .....	73
8.1. Imaxes .....	73
8.2. Táboas .....	74
8.2.1. Análise de correspondencias simple .....	74
8.2.2. Análise de correspondencias múltiples .....	80
8.3. Cuestionario .....	82

▪ Índice de táboas:

<b>Táboa I:</b> Obxectivos e hipóteses coas que se relacionan. ....	25
<b>Táboa II:</b> Obxectivos da investigación e a relación coas preguntas do cuestionario. ....	28
<b>Táboa III:</b> Comparabilidade das variables co resto de estudos. ....	29
<b>Táboa IV:</b> Universo. ....	30
<b>Táboa V:</b> Deseño mostral. ....	30
<b>Táboa VI:</b> Esquema de clases proposto por Goldthorpe. ....	32
<b>Táboa VII:</b> Clase social do alumnado UDC segundo Goldthorpe. ....	36
<b>Táboa VIII:</b> Clase social segundo Goldthorpe. ....	36
<b>Táboa IX:</b> Entender, falar, ler e escribir o galego. ....	38
<b>Táboa X:</b> “Cando era neno, en que lingua aprendeu a falar?” ....	39
<b>Táboa XI:</b> “Cando era neno/a, en que lingua lle falaban os seguintes familiares?” [UDC 2020]. .....	40
<b>Táboa XII:</b> “En que lingua adoita habitualmente...?” [UDC 2020]. ....	47
<b>Táboa XIII:</b> Resumo das principais conclusións. ....	61
<b>Táboa XIV:</b> Avaliación do cumprimento dos obxectivos e das hipóteses (alto, medio e baixo). .....	64
<b>Táboa XV:</b> Avaliación global da investigación. ....	66

▪ Índice de gráficos:

<b>Gráfico 1:</b> Sexo (%). ....	34
<b>Gráfico 2:</b> Lugar de nacemento (%). ....	34
<b>Gráfico 3:</b> tamaño de municipio (%). ....	35
<b>Gráfico 4:</b> “Que lingua fala habitualmente?” (%). ....	41
<b>Gráfico 5:</b> “En que lingua escribe habitualmente?” (%). ....	42
<b>Gráfico 6:</b> Diría que ten ningunha dificultade para... (%). ....	43
<b>Gráfico 7:</b> Actualmente, que lingua se desenvolve mellor para... (%). ....	44
<b>Gráfico 8:</b> “Nunha escala do 0 (nada) ó 10 (moito)...” [UDC 2020] ....	45
<b>Gráfico 9:</b> “Na súa opinión, cal é o idioma propio de Galicia?” (%) [UDC 2020]. ....	46
<b>Gráfico 10:</b> Nunha escala do 0 (só galego) ao 10 (só castelán), en que lingua fala habitualmente... [UDC 2020]. ....	47
<b>Gráfico 11:</b> “Segundo a súa opinión, o galego úsase dunha maneira...” (%) ....	48
<b>Gráfico 12:</b> “Debería fomentarse máis o uso do galego na súa facultade?” (%) [UDC 2020]. .	49
<b>Gráfico 13:</b> Cal sería a súa lingua preferida para recibir as clases? (%) [UDC 2020]. ....	51
<b>Gráfico 14:</b> “Coñece vostede o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da UDC?” (%) .	57

▪ Índice de figuras:

<b>Figura 1:</b> Gráfico de categorías conxunta (“Debería fomentarse máis o uso do galego na súa facultade?” * “Que lingua fala habitualmente na UDC”).	50
<b>Figura 2:</b> Gráfico de categorías conxuntas (“Que lingua fala habitualmente na UDC”- “Segundo a súa opinión, diría que na UDC, en xeral, úsase o galego dunha maneira...”- “Cal sería a súa lingua preferida para recibir as clases”).	52
<b>Figura 3:</b> Gráfico de categorías conxunta (“Tamaño de municipio” * “Que lingua fala habitualmente na UDC”).	53
<b>Figura 4:</b> Gráfico de categorías conxunta (“Clase social da nai segundo Goldthorpe” * “Que lingua fala habitualmente na UDC”).	55
<b>Figura 5:</b> Gráfico de categorías conxunta (“Que lingua fala habitualmente na UDC”- “Tamaño de municipio onde está empadroadado”- “Clase social da nai segundo Goldthorpe”).	56

## 1. INTRODUCCIÓN

A Lei de normalización lingüística de 1983 (Lei 3, 1983) aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia, declara ao galego, xunto co castelán, o idioma oficial de Galicia. Ademais, reconece como un deber aprendelo e un dereito usalo. Os diferentes decretos aprobados posteriormente e que buscaban complementar á Lei de normalización lingüística (Lei 3, 1983), tentaban recuperar o galego na Administración e tamén na educación (Xunta de Galicia, 2020). Por outra banda, o feito de que en Galicia convivan tanto o galego como o castelán provoca que se desenrolasen unha serie de actitudes sociolingüísticas no relativo ao uso das dúas linguas na sociedade galega.

Consideramos, xa que logo, que existe unha conexión entre a lingua e a sociedade, isto é, dúas ramas do coñecemento que se entrelazan e que é moi difícil de diferenciar (Rei-Doval, 2007): a sociolingüística e a socioloxía da linguaxe. Ao longo deste estudo preténdese abarcar unha realidade social como é a situación do uso do galego por parte do estudiantado da Universidade da Coruña (en diante, UDC), que nos pode servir como medida da situación da utilización do galego entre o colectivo de estudantes universitarios en Galicia.

### 1.1. Xustificación da investigación

Ó longo da Historia -e como se afondará no marco teórico- o papel do galego na sociedade foi mudando. Épocas de apoxeo tanto na fala como na escritura do galego preceden a períodos escuros onde practicamente desaparece da vida pública. As persoas que residiron, residen e residirán en Galicia atópanse unha realidade lingüística propia, que afecta ás súas costumes xa que para relacionarse en sociedade cumpre comunicarse -xa sexa falando ou escribindo- nunha lingua determinada. Este feito acentúase cando dúas linguas comparten territorio. Así pois, cando isto sucede xorden preguntas sobre as condicións deses dous idiomas nestes casos, cal se fala máis, cal se fala menos, e cales son os motivos do seu uso diferencial, etc. Ao mesmo tempo, o alumnado da UDC supón un grupo de interese por si mesmo. Por un lado, xa pasaron a educación obrigatoria polo que, aquelas persoas que estudaron en Galicia, desfrutaron dunha ensinanza (non só) en galego que lles permite ter competencias nesta lingua oficial. Ademais, pola súa xuventude, serán os adultos do mañá, é dicir, coñecer cales son os seus usos lingüísticos, as súas capacidades de uso da lingua, e as súas preferencias sobre o uso do galego como

lingua vehicular da universidade, proporcionará unha valiosa información de cara ó futuro da lingua galega.

En conclusión, comprender a situación do galego na UDC ten un gran valor sociolóxico, xa que supón coñecer como son os usos do idioma dunha parte importante da poboación do alumnado matriculado na UDC. O estudo de dita poboación daranos pistas para proxectar como será a realidade lingüística do futuro. Ao mesmo tempo, este traballo é consciente do sesgo que posúe *per se* ao centrarse só na poboación universitaria. Con todo, o seleccionar soamente neste grupo, permite realizar unha análise pormenorizada do mesmo e unha comparación co conxunto da sociedade.

## 1.2. Obxectivos

A presente investigación ten como obxectivo xeral achar cales son os usos lingüísticos e as percepcións en relación ao galego do estudiantado da UDC. Non obstante, cumpre comprender este fenómeno pormenorizadamente, desagregando este obxectivo xeral nun conxunto de obxectivos específicos que abrangan a finalidade da investigación.

- Obxectivo específico 1 (O<sub>1</sub>): coñecer cales son as competencias do alumnado da UDC no uso do galego (entender, escribir, falar, ler). Máis polo miúdo, esta investigación propónse como un dos obxectivos específicos a cumprir, coñecer cal é o grado de coñecemento que o estudiantado UDC ten da lingua galega. Para iso centrarémonos en catro aspectos fundamentais: entender, escribir, falar e ler o galego.

- Obxectivo específico 2 (O<sub>2</sub>): comparar os datos obtidos sobre o uso do galego do alumnado da UDC coa información producida polo Instituto Galego de Estatística (2019) (en diante, IGE) para o conxunto da poboación galega, e polos investigadores Álvarez-Sousa (2005) e Luaces-Pazos et. al. (2018) para, respectivamente, a Universidade da Coruña no ano 2003, e para a Universidade de Vigo no ano 2018. Estes tres estudos proporcionan datos sobre o uso do galego en determinados ámbitos. Por unha parte o IGE (2019) produce datos tanto a nivel municipal, como provincial e tamén do total de Galicia. Á súa vez, Luaces-Pazos et. al. (2018) realizaron un estudo do galego na Universidade de Vigo (en diante, UVigo) nun marco temporal moi próximo a este, o que permite coñecer as diferenzas entre dúas universidades galegas no tema que nos ocupa.

Por último, Álvarez-Sousa (2005) levou a cabo unha investigación sobre o uso do galego na UDC en 2003. En consecuencia, os datos que se analicen aquí poderanse comparar cos deste estudo, observando a evolución do galego na UDC nos últimos 17 anos.

- Obxectivo específico 3 (O<sub>3</sub>): estudar a relación entre as variables de clase social, idade e tamaño de municipio sobre a propensión maior ou menos a falar galego. Traballar con estas categorías sociais permitirá coñecer como e canto inflúen á hora de explicar o uso do galego. As características sociodemográficas como elementos básicos da investigación, poñerán en contexto os datos recadados e permitirán afondar na realidade social que a lingua galega ten na UDC.

- Obxectivo específico 4 (O<sub>4</sub>): comprender a incidencia da variable área de coñecemento na que se sitúa a carreira escollida polo alumnado á hora de explicar o uso do galego.

- Obxectivo específico 5 (O<sub>5</sub>): entender a implicación do sexo á hora de valorar a maior ou menor posibilidade de falar galego.

Tanto a area de coñecemento como do sexo serán as variables fundamentais desta investigación. Supoñen o centro da mesma e funcionaran transversalmente ó resto de variables por motivos que se explicarán no marco teórico. Apoiarémonos en varias investigacións que establecen o interese e a importancia de estudar estas variables á hora de realizar análises sociolingüísticas dunha poboación.

### 1.3. Tipo de investigación

Para levar a cabo os obxectivos desta investigación, o estudo ten que posuír un carácter profundamente explicativo. Os traballos explicativos teñen como obxectivo entender a relación existente -ou non- entre os feitos e os fenómenos sociais. Trata de responder por que e como sucede un determinado acontecemento así como a relación entre as variables a estudar (Hernández-Sampieri et. al., 2014). Enténdese, ademais, que a comprensión que proporciona unha investigación de tipo explicativo, resulta crucial para a problemática que estamos tratando. Para logralo, realizouse unha enquisa en liña ó estudantado da UDC, fíxose un calculo mostral e tamén unha afixación proporcional para que a mostra se adecúe ás dúas variables centrais da investigación comentadas nos obxectivos -área de coñecemento e sexo-. Asemade, mediante a utilización do programa informático *Statistical Package for the Social Sciences* (SPSS) extraemos datos univariábles, bivariábles e multivariábles para a súa posterior análise.



## 2. MARCO TEÓRICO

Os próximos epígrafes centraranse en dúas cuestións. Por un lado, profundaremos en dous termos do sociólogo francés Pierre Bourdieu -*habitus* e violencia simbólica-, facendo fincapé, na medida do posible, na súa relación ca lingua. Aplicando estes conceptos e análises teóricas á situación do galego e aos prexuízos que existen sobre os usos desta lingua. Asemade, tratarase a desgaleguización lingüística e a diglosia que se da en Galicia.

Por outra banda, a modo de contextualización, farase un repaso histórico sobre a situación da lingua galega, centrándose especialmente nos séculos XX e XXI e chegando ata a actualidade para rematar dedicándolle un espazo ó galego na universidade. Nesta parte, ademais, tratarase a lexislación que afectara ó galego, comezando en 1983 -a primeira lei de normalización lingüística- e que se centra especialmente no eido da educación.

A relación existente entre sociedade e lingua é innegable, ao fin e ao cabo, as palabras son a ferramenta comunicativa que utilizamos todas as persoas. Co obxectivo de comprender e estudar esta conexión, naceu a mediados dos anos 60 unha ciencia que mesturaba tanto o contido como a metodoloxía de diferentes ciencias sociais, especialmente socioloxía e antropoloxía, chamada sociolingüística (Moreno-Fernández, 2005).

Segundo Rei-Doval (2007), a sociolingüística definiríase como “a ciencia que se ocupa de todos aqueles feitos e fenómenos lingüísticos que non son sistemáticos, regulares e estables” (p.66). Ademais, afirma que varios autores diferencian: por unha banda, a socioloxía da linguaxe como a ciencia que entende a lingua como un feito social e por outra a sociolingüística, como aquela que entende a lingua como un feito lingüístico. Con todo, cre innecesaria dita separación xa que tanto unha como outra están tan relacionadas que, a efectos prácticos, é imposible diferenciar unha doutra.

Por outra banda, investigadores como Agueyisi e Fishman (1970) sinalaron a importancia de estudar as actitudes lingüísticas da sociedade, especialmente cando se produce unha convivencia de dúas ou máis linguas, co obxectivo de comprender o ensino das linguas, por que se elixe unha ou outra e que factores están presentes en devandita elección (Moreno-Fernández, 2005). Ademais, estudos centrados na situación sociolingüística de Galicia como pode ser o realizado por Igrexas (2002), sinalan que a lingua funciona como elemento discriminante no ámbito laboral, e ademais, indican que estudar como as linguas

están presentes no sistema educativo é o elemento chave para entender devandito fenómeno.

### 2.1. Socioloxía e lingua: principais aportes para entender a situación do galego

O sociólogo francés Pierre Bourdieu abordou amplamente no marco da socioloxía da linguaxe a relación entre o capital cultural e a estratificación social. Para Bourdieu (1991), a clase social entendida como clase obxectiva defínese o “conxunto de axentes que se atopan situados nunhas condicións de existencia homoxéneas que impoñen uns condicionamentos homoxéneos e producen uns sistemas de disposicións homoxéneos, apropiados para orixinar unhas prácticas semellantes”<sup>1</sup> (p. 100). Así pois, o comportamento das persoas está condicionado pola clase social á que pertencen que, ó mesmo tempo, dende o punto de vista do autor francés, no só depende da relación que unha persoa ten cos medios de produción, senón tamén dos ingresos, do nivel educativo ou da profesión (Bourdieu, 1991). Por outra banda, a clase social non é un compartimento estanco no eido do social, senón que se relaciona con outros termos centrais no corpus teórico deste sociólogo: o *habitus* e a violencia simbólica.

O *habitus* é un dos conceptos sociolóxicos centrais na obra de Bourdieu. Fai referencia a esquemas que configuran as clases sociais así como o comportamento homoxéneo das persoas que ocupan esas clases. Porén, o gusto ou os estilos de vida dunha persoa están definidos polo seu *habitus* que se estende:

Mais alá dos límites do que foi directamente adquirido (...): é o que fai que o conxunto das prácticas dun axente (ou do conxunto de axentes que son produto de condicións semellantes) sexan á vez sistemáticas, porque son produto da aplicación de idénticos esquemas (ou mutuamente convertibles), e sistematicamente diferentes das prácticas constitutivas doutro estilo de vida. (Bourdieu, 1991, p.170)

Ó mesmo tempo, as prácticas, as condicións de vida ou o gusto dunha persoa (ou grupo de persoas), configuran o *habitus*. En resumo e para rematar, pódese entender este concepto como unha estrutura estruturante e unha estrutura estruturada. Estruturante porque conforma os comportamentos e ideas das persoas, e estruturada porque ditas ideas e comportamentos constrúen o *habitus*. Así pois “o principio de división de clases lóxicas

---

<sup>1</sup>Tradución do orixinal.

que organiza a percepción do mundo social é á vez produto da incorporación da división social de clases sociais” (Bourdieu, 1991, p. 170). Ó igual que pasa coa roupa que lle gusta a alguén, o *habitus* e a clase social condicionan o idioma que as persoas falamos. Ideas e comportamentos que se atopan no entorno familiar e aqueles que vemos no grupo de iguais modelan que os usos lingüísticos, que se adaptan ós distintos contextos sociais. Isto non soamente fai referencia o uso do galego ou do castelán, senón que tamén a falar cun determinado acento ou empregando máis ou menos maldicións ou xuramentos. A violencia simbólica, derradeiro termo de Bourdieu que se empregará, procura unha coherencia entra a clase social e o *habitus*.

A violencia simbólica dáse cando, dende unha posición de poder, sen facer uso da forza física, impónse un significado ou idea. Ademais, o dominado acepta ese significado como lexítimo, considerándoo natural e inmutable. As relación de forza nas que se sustenta esta violencia están disimuladas e encubertas, facendo da violencia simbólica algo tan sutil como eficaz (Bourdieu e Passeron, 2008). Do mesmo xeito que este fenómeno sucede na educación -principal campo de estudo de Bourdieu e Passeron- pódese extrapolar á situación do galego. O prexuízo -ou preconceito<sup>2</sup> - lingüístico é:

Unha subclase dos preconceitos e afecta tanto as linguas como os seus falantes. Pode ser definido como un medio para coñecermos, mediante a fala, as características do interlocutor: a súa orixe social –fala galego, por tanto é da aldea–, a educación –fala ben o español, por conseguinte é unha persoa que recibiu educación– etc. (Freixeiro-Mato, 2009, p. 118)

Cando unha persoa ou grupo de persoas asume un prexuízo de si mesmos como propio, pódesele chamar autoaborrecemento. “No lugar de finxir estar de acordo cos seus ‘superiores’, está realmente de acordo con eles, e ve o seu propio grupo a través dos ollos deles” (Allport, 1971, pp. 170-171). Mediante a violencia simbólica, o grupo dominante presenta o galego como propio dunha persoa con características moi definidas<sup>3</sup>. Aparece no individuo os prexuízos que o interpelan directamente, desaprobando as características que lle son -ou que se lle supón- propias. Ademais, “a linguaxe autorizada soamente se

---

<sup>2</sup>Aínda que Freixeiro-Mato (2009) utilice o termo preconceito, utilizarase un sinónimo que el mesmo sinala: prexuízo.

<sup>3</sup>Cabe destacar que este fenómeno non soamente está presente na actualidade se non que, como é habitual neste tipo de casos, provén dun contexto histórico moi definido. Explorase o estado do galego dende un punto histórico no epígrafe de “Repaso histórico”. Se se quere consultar a evolución histórica dos prexuízos ou preconceitos a propósito do galego consultar o epígrafe 3, en Freixeiro-Mato (2009).

impón coa colaboración dos gobernados, é dicir, por medio dos mecanismos sociais capaces de producir esa complicidade” (Bourdieu, 2016, p.93). Dáse no grupo de dominados a idea de que eles posúen unha -ou varias características- que os converte en tal. Con isto non se pode pensar en que este feito pase coa intencionalidade do grupo dominado, senón que faise gala deses “mecanismos sociais” dos que fala Bourdieu para establecer unha significación concreta.

Seguindo as explicacións de Bourdieu podemos aplicar o seu esquema teórico á perda de galego falantes e os prexuízos existentes entorno á lingua galega. Por que en Galicia cada vez se fala menos galego? O sociólogo Xan Bouzada (1993) sinala que o galego está asociado en exceso a unha sociedade comunitaria e tradicional vinculada co mundo rural e cunha clase campesiña. Serían factores sociolóxicos derivados do proceso de modernización vivido en Galicia, o que fai que o cambio cultural provocase unha auto-estigmatización do uso do galego fronte a unha lingua de prestixio como sería o español. Trataríase dunha identidade cultural negativa que é preciso deixar atrás, trátase de imitar comportamentos lingüísticos das clases hexemónicas que asimilan valores postmateriais, urbanos e considerados como dominantes na sociedade, o que implica, un non uso do galego.

Nesta mesma liña, o politólogo Xaime Subiela (2010) apunta que factores como a masiva emigración da poboación rural galegofalante ás urbes a partir dos anos sesenta, o proceso de urbanización e terciarización da economía, o acceso á educación e a extensión dos medios de comunicación audiovisuais, son factores que provocan ese cambio cultural, e a emerxencia dunha clase social dominante que emprega o castelán como lingua de prestixio. Nesta liña, o mapa sociolingüístico de Galicia realizado por González-González (2011) para o ano 2004 corrobora esta idea, situando ós municipios de menos de 10.000 habitantes os principais focos de galegofalantes. Neste proceso de desgaleguización, o territorio tamén resulta relevante sendo as grandes urbes e aos entornos periurbanos onde se produce unha adhesión maior ao uso do castelán como lingua hexemónica, mentres que nos ámbitos rurais o galego mantén unha presenza maioritaria e tende a conservar usos lingüísticos (Loredo e Monteagudo, 2017). Ademais desta asociación forte co mundo rural, comunitario e familiar do galego, tamén emerxe unha nova asociación con certos grupos de neofalantes que usan o galego como marca identitaria da súa afiliación intelectual ou política (DePalma, 2015).

Diferentes estudos que miden as actitudes da poboación en xeral -Real Academia Galega (RAG, 2018) e González-González (2011)- e tamén da mocidade en concreto -González-González (2003) e Consello da Cultura galega (2017)- definen o sexo como unha variable á ter en conta para estudar as características sociolingüísticas da poboación galega. Concretamente, González-González (2011) afirma que “as mulleres presentan unha menor tendencia a elixir o galego como lingua de uso” (p. 234). Ademais, en datos máis actuais, o IGE (2019) sinala as diferenzas entre a porcentaxe de homes e mulleres á hora de entender, falar ou escribir en galego.

Por outra banda, o sociolingüista Freixeiro-Mato (2009) ten relacionado o uso do galego cunha serie de prexuízos sociais ao seu redor. Concretamente, destaca a existencia de seis prexuízos sobre o galego: (1) a suposta falta de utilidade do galego; (2) a asociación do galego coa pobreza e co atraso; (3) o uso do galego como sinal de descortesía ou má educación; (4) a suposta imposición do galego; (5) a caracterización pexorativa do galego e a (in)competencia dos seus falantes; e, por último, (6) o galego como marca ideolóxica ou profesional.

Estes prexuízos falan do illamento da rexión fronte ó resto de territorios a causa do idioma, ou da relegación do galego ó mundo rural así como a ameaza de desaparición deste e, por tanto, tamén da lingua. Está presente a idea de que falar galego con persoas descoñecidas é “unha desconsideración cara elas” (Freixeiro-Mato, 2009, p.131), e que o galego é unha lingua imposta dende os organismos públicos. Reflexase a consideración do galego como unha lingua vulgar e os seus falantes “como incompetentes ou pouco coñecedores do seu idioma” (Freixeiro-Mato, 2009, p.136). Para rematar, coa aparición de persoas que resultaban comprometidos co uso do galego en calquera contexto -tanto no ámbito público como no privado-, presentouse o idioma como símbolo identificador cunha ideoloxía nacionalista clara.<sup>4</sup>

Como rematamos de ver, os conceptos de Bourdieu manexados aquí -*habitus* e violencia simbólica- únense á presenza de distintos prexuízos sobre o galego e os seus falantes. A miúdo acontece que a maioría da sociedade é participe destes prexuízos e non se limitan unicamente ás persoas que falan castelán. A violencia simbólica provoca significados no grupo de dominados -neste caso, lingüísticos-, dunha maneira que estes non perciben esta

---

<sup>4</sup>O traballo de Freixeiro-Mato (2009) desenvolve, amplía e, sobre todo, xustifica os prexuízos que aparecen aquí, polo que recomendase a súa lectura completa a quen lle resulte de interese.

opresión social. Aparece, por tanto, o que se coñece como diglosia, concepto que foi acuñado por Ferguson (1959) da forma que segue:

Unha situación relativamente estable da linguaxe na cal, ademais dos dialectos primarios do idioma (que pode incluír un estándar ou variantes rexionais), existe unha variante superposta moi diverxente, altamente codificada (a miúdo gramaticalmente máis complexa) (...), que se aprende na educación formal e se usa en situacións formais que precisen dunha lingua tanto para falar como para escribir, pero que ningunha persoa da comunidade usaríaa nunha conversación cotiá<sup>5</sup>. (p. 336)

Despois de vinte anos desta definición, Fishman (1982) afirma que o concepto foi “estendido e refinado” (p.120) e mesmo avoga por espallar o concepto a situacións nas que conviven linguas diferentes. Así pois, a diglosia dáse en Galicia entre dúas linguas diferentes, e falar unha posúe unha significación diferente a falar a outra<sup>6</sup>. Como se vén traballando neste estudo, a presenza dos diferentes prexuízos condiciona o uso do galego debido a que as relacións de poder existentes na sociedade galega xeran un conflito lingüístico:

Tal conflito lingüístico, onde unha lingua ocupa a esfera do poder (castelán) e outra se converte na lingua dos subordinados (galego) a ese poder, produce necesariamente unha situación de diglosia, que inicia un lento proceso de substitución lingüística. (Freixeiro-Mato, 1999, p. 53)

A continuación, farase un repaso histórico á evolución da lingua galega que é preciso para comprender a situación social actual do uso desta lingua, prestando especial atención ós séculos XIX, XX ata chegar actualidade, para posteriormente falar da relación entre a universidade e o galego. Na medida do posible, sinalaremos os cambios legislativos que teñan que ver co problema que nos ocupa, producidos a finais do século XX.

## 2.2. Repaso histórico da situación e uso do galego

O primeiro paso necesario para afondar na realidade do galego falado polo estudiantado da Universidade da Coruña, é coñecer como evolucionou historicamente. Comezaremos

---

<sup>5</sup>Traducido do orixinal.

<sup>6</sup>Cabe destacar que a diglosia non está presente soamente na lingua que se fala, senón que tamén existe, por exemplo, nos libros que se publican. Dasilva (2009) estuda o fenómeno da autotradución: o feito de que un autor ou autora traduza o seu texto do galego ó castelán e mesmo o escriba en ambas linguas simultaneamente en Galicia.

sinalando que despois de que se substituíra a aristocracia e nobreza galega por outra foránea que viña de Castela (século XV), o galego relegouse ás clases populares, abandonado así un período onde era o protagonista absoluto, tanto a nivel oral como escrito. Durante os séculos XVI, XVII e XVIII, apenas se escribiu en galego, e a lingua sobrevive, como se indicou, grazas á transmisión oral no campesiñado e ás clases populares (Pardo-Vuelta, 2015).

### 2.2.1. Século XIX

Non foi ata mediados do século XIX que o galego volve usarse no ámbito público e literario. A poesía converteuse na principal forma de transmisión do galego, grazas a autores como Curros Henriques, Xoán Manuel Pintos e, sobre todo, Rosalía de Castro, que coa súa obra *Cantares Galegos*, inaugura o Rexurdimento do idioma. A prosa, en cambio, esperaríase a principio do século XX para consolidarse. Con todo, xa nesta época publícanse algunhas obras deste xénero como poden ser: *O Castelo de Pambre* de Antonio López Ferreiro ou *Maxina ou a filla espúrea* de Marcial Valladares, ambos publicados a finais do século XIX (Monteagudo, 1999). É nesta época -década dos 40 do século XIX- cando apareceron, por primeira vez, grupos políticos de ámbito galeguista, “entendido inicialmente como simple ‘provincialismo’ pola concepción de Galicia como ‘provincia’ unitaria” (Fusi-Aizpurua, 1992, p.185).

Por outra banda, é importante sinalar que non só no aspecto ilustrado o galego gozaba de boa saúde. Segundo Rei-Doval (2007) “o seu uso (...) é completamente xeneralizado entre a poboación rural e a mediados dese século (XIX), probablemente tamén entre a urbana” (p.49). Malia todas as dificultades que atravesou o idioma galego, seguía presente como lingua maioritaria. Sen embargo, o incremento da poboación urbana galega -sobre todo na Coruña- e a chegada da maquinaria administrativa do Estado (Rei-Doval, 2007), fixo que chegasen a Galicia unha gran cantidade de aristócratas que, do mesmo xeito que pasou no século XV, descoñecía o galego. Este fenómeno provoca que a burguesía galega empezara a imitar á foránea, falando castelán:

A única –lingua- que o estado recoñecía como oficial, a que se quería imponer e estender a través das escolas, dous seminarios, dous púlpitos, das oficinas de administración, a única que debían fala-as persoas de certo rango de señorío da Galicia do XIX a non ser que estivese en situación de carácter informal ou distendido ou que tivese a ben comunicarse en galego

con aqueles que non conseguirán unha competencia en castelán daquela reservada aínda a unha reducida minoría. (Mariño, 1999, pp.344-345)

A castelanzación das clases altas galegas provoca un cambio no uso lingüístico da “clase media, feito importante porque, en realidade, sabemos que este é ou síntoma máis evidente de que a substitución dunha lingua por outra está consolidándose eficazmente” (Rei-Doval, 2007, p.51).

### 2.2.2. Século XX

A principios do século XX a lingua galega consolídase no ámbito institucional. A creación da Real Academia Galega en 1906, *As Irmandades da Fala*, o *Grupo Nos* e a cantidade de novas publicacións escritas en galego, formalizan o idioma<sup>7</sup>. Esta modernización favorece a reivindicación de propoñer unha cooficialidade do castelán e máis do galego, e dunha autonomía política para Galicia. Este proceso fíxose máis patente a principios da II República (1931-1936), onde o Partido Galeguista -creado en 1931- promove un Estatuto de Autonomía, presentado en 1936, aínda que nunca aplicado debido á Guerra Civil (1936-1939). Durante este período, tanto dende importantes medios de comunicación (*A Voz de Galicia* ou *Faro de Vigo*) como dende as institucións públicas (Secretariado de Galicia en Madrid ou algúns rexionalistas da Real Academia Galega), eran reticentes ou directamente contrarios, á cooficialidade do idioma. Con todo, durante a II República alcanzouse no Estado unha compatibilidade entre o castelán e o resto dos idiomas do territorio (Monteagudo, 1999).

Con Galicia situada no lado sublevado dende o inicio da Guerra Civil, os progresos do galego a nivel institucional, formal e cultural interrompéronse abruptamente. Un dos obxectivos do bando franquista era a unidade de España, polo que se perseguíu a unificación lingüística daquelas zonas onde, ademais do castelán, había outras linguas - como o catalán, o éuscaro e o galego-. Esta situación foi profundamente crúa en Cataluña e País Vasco, onde había unha inflexibilidade en materia de idioma “mentres que en Galicia, quizais á razón da incompetencia moi estendida entre a súa poboación para falar castelán e da súa menor significación nacionalista durante a Segunda República, as autoridades foron máis permisivas co uso privado do galego” (Mariño, 1999, p.415). Sen embargo, non se pode negar a persecución por parte das autoridades nacionais do galego,

---

<sup>7</sup>Para afondar neste tema pódese consultar: Diéguez (2016), Piñeiro (1978) ou Ventura (2010).



sendo máis evidentes nos letreiros ou na publicidade que se podía atopar pola rúa<sup>8</sup>. Publicar textos en galego non estaba prohibido, non obstante, non podían tratar temas políticos -a non ser que exaltasen ó franquismo -, relixiosos ou simplemente informativos. Tratábase de poemas ou de prosa humorística-folclórica (Mariño, 1999).

Cando a guerra rematou esta situación endureceuse notablemente. Ata terminar a década dos 40, apenas se publicaron obras en galego, limitándose a reedicións de libros moi coñecidos, como *Cantares Galegos*. Numerosos intelectuais ligados a posicións galeguistas e que ata ese momento apoiaban a transmisión cultural en galego, tiveron que exiliarse -Castelao, Eduardo Branco Amor ou Rafael Dieste, entre outros-. Nos anos 50, en cambio, comézase a dar unha leve melloría na posición do galego. Fúndase en 1951 a editorial Galaxia “(...) vehículo para a recuperación do galego no ámbito escrito durante esa época” (Freixeiro-Mato, 1999, p. 92), ademais xorden numerosas asociacións culturais como *O Facho*, *O Galo* ou *Abrente*. A lingua e literatura galega vaise abrindo paso na sociedade da época chegando a lograr unha relativa tolerancia dende a esfera oficial, ata os anos 60, onde a Real Academia Galega -que durante o franquismo non desapareceu, pero estivo supeditada ao réxime (Monteagudo, 1999)-, consegue autorización para celebrar o *Día das Letras Galegas* o 17 de Maio, onde se conmemora ás figuras importantes da literatura galega<sup>9</sup>.

En definitiva, que nos últimos anos da ditadura vanse dando pasos para que a lingua que aínda fala unha boa parte da poboación -a pesar da constante perda de falantes e do seu desprestixio social- recupere ámbitos de uso tendentes a superar unha situación tan desfavorábel que motiva a publicación dun informe (...) de Xesús Alonso Montero, onde alerta sobre o período de morte da lingua galega. (Freixeiro-Mato, p. 95-96)

Coa morte de Franco en 1975 e a vixencia da Constitución de 1978, o Estado español queda dividido en Comunidades Autónomas e Galicia figura como unha delas, obtendo a categoría de nacionalidade histórica. Así mesmo, dita Constitución, sumada ó Estatuto de Autonomía de Galicia (1981) e á Lei de Normalización Lingüística, deixa ao castelán

---

<sup>8</sup>É moi coñecida a imaxe dun cartel que dicía “HABLE BIEN. SEA PATRIOTA. NO SEA BÁRBARO. Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota. Viva España y nuestra disciplina y nuestro idioma cervantino. ¡ARRIBA ESPAÑA!” (Freixeiro-Mato, 1999, p.90) (Imaxe 1 no anexo 8.1.).

<sup>9</sup>Ese ano adicouse a Rosalía de Castro, xa que a primeira edición de *Cantares Galegos* cumpría 100 anos (López-Igrexas, 2003).

como lingua oficial, e procura aos españois, o deber de usalo. Ademais, , estas leis recoñecen o dereito de usar o galego, con todo, o deber reservase unicamente ao idioma oficial do Estado, é dicir, o castelán (Mariño, 1999). Así mesmo, nos 80 e 90 aparecen numerosos dicionarios, atlas e manuais, onde se explica como aprender e usar o galego. Crece de maneira exponencial a publicación e reedición de libros neste idioma malia que é a lingua -nos 90- na que menos libros se publican en España (Freixeiro-Mato, 1999)<sup>10</sup>.

Por outra banda, producíronse grandes cambios no ámbito educativo. Malia as dificultades, nos 80 e os 90 implementouse o galego nas escolas e nos institutos, formando parte dos currículos escolares a docencia de determinadas materias en galego. A Lei da normalización lingüística de 1983 define que o galego é a lingua oficial de educación e:

Establece o estudo do galego como unha materia obrigatoria en todos os niveis educativos. A aposta era o bilingüismo harmónico, protexido por dous preceptos: os estudantes teñen dereito á primeira educación na súa lingua materna (aprendizaxe da lingua oficial de Galicia ao mesmo tempo) e prohibese calquera separación dos estudantes en aulas e escolas por idiomas. (Losada, 2012, p. 270)

Na universidade, dende o curso 94-95, pódese cursar na Universidade de Santiago a especialidade de Filoloxía Galega e na Universidade da Coruña impártese actualmente o grao de Filoloxía Galego-Portuguesa (Mariño, 1999). Vemos como os cambios educativos chegaron máis tarde aos ámbitos universitarios que aos escolares, aínda que a presenza do galego nas administracións de ambos resulta notable.

### 2.2.3. A política lingüística durante a democracia en Galicia

Segundo Lorenzo-Suárez (2009), o modelo lingüístico levado a cabo pola Xunta de Galicia entre 1983 e 2005<sup>11</sup> conta con dúas características moi concretas: “pouca densidade planificadora e escasa intervención sociolingüística” (p. 30). Por pouca densidade planificadora, este autor refírese a que, dende as diferentes institucións que

---

<sup>10</sup>Na actualidade, segundo a Federación de Gremios de Editores en España (2018), para o ano 2017 editáronse nos idiomas oficiais: 65.961 libros en castelán (75,6%), 12.041 en catalán ou valenciano (13,8%), 1.958 en éuscaro (2,2%), 1.886 en galego (2,2%) e 5.416 noutras linguas cooficiais (6,2%) (p.47).

<sup>11</sup>As datas que veñen sinaladas non son casuais. En 1983 entra en vigor a lei 3/1983 de normalización lingüística e que se encarga, a grandes trazos, de desenvolver o indicado na Constitución (art. 3) e no Estatuto de autonomía de Galicia de 1981 (art. 5). Ademais, xusto o ano anterior comezara a gobernar o Partido Popular (daquela coñecido como Alianza Popular), manténdose no poder ata o 2005, a excepción dun período de tres anos (1987 a 1990) onde, a causa dunha moción de censura, González Laxe fixérase coa presidencia da Xunta.

están implicadas no desenvolvemento do galego, “desenvolvéronse menos actuacións lingüísticas das necesarias contando para iso coa intervención de poucos axentes planificadores cunha escasa profesionalización deles” (Lorenzo-Suárez, 2009, p. 30). Por outro lado, enténdese a escasa intervención sociolingüística como a falta total de políticas destinadas a incidir na sociedade galega dunha maneira profunda, co obxectivo de “producir cambios significativos nas conductas lingüísticas” (Lorenzo-Suárez, 2009, p.30). A pesar disto, recoñécense tres efectos causados pola política lingüística levada a cabo:

- Logrouse aumentar a visibilidade da lingua galega en contextos de uso oral e tamén escrito, tanto no ámbito formal como informal.
- Conseguiuse que a cidadanía puidera realizar calquera actividade diaria -tanto profesional como persoal- en galego mediante o desenvolvemento de diversos mecanismos e ferramentas.
- Loitouse contra os prexuízos e as actitudes negativas que posuía o galego, buscando o aumento do prestixio social de dita lingua (Lorenzo-Suárez, 2009).

A partir do 2005, ca chegada ó goberno (de Galicia) da coalición entre PSdeG e o BNG, muda o punto de vista sobre a normalización lingüística da Xunta durante a “era Fraga”, cambiando as políticas públicas relacionadas coa mesma<sup>12</sup>. Transitouse da idea que tanto o galego como o castelán estaban nunha situación similar e que, por tanto, o principal propósito era garantir o uso de ambas dunha maneira equilibrada, a considerar que existía unha desigualdade intrínseca entre ambas linguas, estando unha en inferioridade (galego) respecto á outra (castelán), precisando de mecanismos políticos que compensaran dita desigualdade (Losada, 2012). O Decreto 124/2007 (Decreto 124, 2007) recoñece a necesidade dun texto legal onde veña referenciado xuridicamente a situación lingüística en Galicia, buscando a normalización da mesma. Este documento<sup>13</sup> marca unha serie de obxectivos entre os que: (1) se garante un mínimo do 50% de galego en todos os niveis educativos -a excepción do universitario-; (2) fíxanse as materias que se impartiran obrigatoriamente en galego, eliminando a autonomía dos centros; (3) aumenta a

---

<sup>12</sup>Cabe destacar, como exemplo paradigmático deste cambio, que en 2005 ca entrada do bipartito, Política Lingüística, que ata entón estaba adscrita a Educación, convertese nunha Secretaría Xeral propia.

<sup>13</sup>O decreto 124/2007 estaba fortemente influenciado polo *Plan Xeral de normalización da lingua galega* (PXNLG) que se aprobara no Parlamento por unanimidade.

importancia dos equipos de normalización e dinamización lingüística; e (4) concretase a avaliación do marco normalizador anualmente (Losada, 2012). Así pois:

Entendemos que a etapa que vai dende 1983 a 2007, coas indubidables sombras, debe ser valorada globalmente en positivo, pois en vinte anos realizáronse innegables progresos tanto na ampliación do rango funcional do galego en tanto á súa elaboración, e non menos na súa difusión e revalorización (prestixio social). (Monteagudo, 2012b, p. 28)

O Decreto de 2007 (Decreto 124, 2007) foi fortemente criticado por determinados grupos da sociedade galega da época. Xurdirán polémicas dende sectores políticos e tamén sociais, encabezados polo Partido Popular -que naquel momento era o partido da oposición-. Estas críticas non só se centraban no contido de dito Decreto, senón que aludían ó propio proceso de normalización lingüística, entendido como unha contraposición á “liberdade de lingua” (Monteagudo, 2009 e 2012a). Chegouse así ás eleccións de 2009 onde o papel da Xunta no referido á normalización lingüística situábase no centro do debate político. Trala vitoria do Partido Popular e a chegada de Núñez Feijóo á presidencia da Xunta, o Decreto de 2007 derrogouse, substituíndoo por outro que procuraba o plurilingüismo en Galicia (galego, castelán e inglés) e onde o termo “normalización” cambiase polo de “dinamización” (Monteagudo, 2012b). Avanzase, pois, a unha neoliberalización das políticas lingüísticas baseadas no principio da “libre elección” lingüística por parte das persoas. Todo o que non sexa libre elección vese como unha imposición.

### 2.3. A universidade e o galego

Como xa se sinalou anteriormente, dende metade dos anos 90 pódese cursar a carreira de Filoloxía Galega na USC. A partir de aí o galego, como campo de estudo, foise expandido ó resto de universidades galegas. Sen embargo, a relación entre a institución universitaria e o idioma, como é obvio, vén de tempo atrás.

No curso 1965-1966, a Universidade de Santiago implantou dúas materias relacionadas co galego. Aqueles estudantes de Historia ou de Linguas Románicas que quixeran, podían cursar unha formación de Lingua Galega e outra de Literatura Galega. A persoa que impartía estes estudos era Ricardo Carballo Calero que en 1972 converteuse na primeira persoa que ostentaba unha cátedra en Lingüística e Literatura Galega (Fernández-Rei,

2016). Pouco antes, en 1971, a USC creou o Instituto da Lingua Galega (ILG) que tiña como obxectivo a expansión do galego (Fernández-Rei, 2016).

Antes da chegada da democracia, en 1975 o réxime franquista aprobou o Decreto 2029, permitindo baixo determinados requisitos o uso doutras linguas rexionais. Dende o ámbito universitario publicouse o *Manifesto da Universidade de Galicia*, que avogaba por unha universidade galeguizada, popular, democrática e científica. Ó ano seguinte, dende o sindicato Unión de Traballadores do Ensino de Galicia (UTEG), dende a Unión do Povo Galego (UPG) e por parte do Partido Socialista Galego (PSG) -os tres situados ideoloxicamente no nacionalismo galego -impulsouse o *Manifesto dos ensinantes de Galicia*- reclamando o papel do galego en todos os aspectos da sociedade e non só na educación (Costa-Rico, 2004).

No epígrafe anterior falábase de como incidiu a Lei 3/1983 (Lei 3, 1983) de normalización lingüística na sociedade. O ámbito universitario rexíase por outras directrices que o resto da educación formal, así pois dita lei “obriga a (i) estudar a lingua galega nas escolas universitarias e en calquera tipo de centros de formación profesional para docentes, e (ii) promover o uso do galego entre o profesorado en todos os niveis de educación” (Losada, 2012). Asemade, tanto a Xunta como as institucións universitarias teñen que garantir a normalización lingüística do galego neste ámbito.

A seguinte norma xurídica que afecta ó mundo universitario é a Lei 125 de 2013 *do Sistema universitario de Galicia*<sup>14</sup>. O artigo 89 está composto á súa vez por catro puntos, onde se definen o galego e o castelán como “as linguas oficiais das universidades de Galicia” e “rexeráse pola Lei 3/1983 (...) e polo que dispoñan as normas propias das universidades” (Lei 125, 2013, art. 89). Ademais, ó igual que na lei de 1983, a Xunta e as universidades comprométese a estimular o uso e o coñecemento do galego no eido universitario. Tanto a Lei 1/2015 como a Lei 2/2015 *-de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración e do emprego público de Galicia* respectivamente afecta á universidade galega. A primeira delas, no artigo 38 de apartado c di: “o galego será a lingua de uso normal e preferente en todas as actividades relacionadas coa organización e prestación dos servizos públicos” (Lei 1/2015, art. 38). Pola súa parte, a segunda versa sobre os dereitos e deberes do funcionariado en Galicia. Así pois esixe a

---

<sup>14</sup> O decreto 124/2007 so fai referencia á educación non universitaria.

toda persoa que pertenza -ou queira pertencer- a este colectivo, pasar unha serie de probas que amosen aptitudes lingüísticas tanto en galego como en castelán (Lei 2/2015).

Antes de rematar, compre comentar as diferenzas recollidas en distintas investigacións sobre o galego na universidade. Dende un punto de vista sociolingüístico, algúns traballos rexistran diferenzas á hora de usar unha lingua ou outra segundo a o ámbito de coñecemento que o/a alumno/a estuda. Así por exemplo, a alumnado de Humanidades da UVigo é o que máis galego fala (21,4%) moi lonxe doutras disciplinas como Ciencias Sociais (13,2%) (Luaces-Pazos et. al., 2018). Pola súa banda, o alumnado que facía un uso maioritario do galego na UDC en 2003 era aquel que pertencía as Ciencias Experimentais e da Saúde (80,1%), mentres que o de Humanidades o que menos (74,7%) (Álvarez-Sousa, 2005). Isto resulta capital á hora de entender cal é o estado do galego na universidade. Por iso, afondar na relación entre lingua e ámbito científico/académico do estudante será un dos puntos fundamentais desta investigación.

### 3. HIPÓTESES

Neste epígrafe preséntanse as hipóteses coas que traballa esta investigación e que, ó finalizar, aceptaranse ou refutaranse mediante a análise de resultados (táboa I). Estas hipóteses están orientadas a dar resposta ós obxectivos definidos anteriormente e por tanto, xéranse a partir deles. Para enunciarse estas hipóteses dun xeito óptimo, numeráronse de acordo ó obxectivo que as produce -a primeira hipóteses do primeiro obxectivo será H<sub>1.1.</sub>, a segunda H<sub>1.2.</sub>, etc.-.

- H<sub>1.1.</sub>) O alumnado é máis competente en absorber información en galego (entender e ler) que na emisión directa do idioma (falar e escribir).

A escolarización permite que as persoas sexan capaces de entender e ler en galego con relativa facilidade. Sen embargo, a diglosia provoca que estas persoas nunca puideran ou quixeran expresarse en galego, dificultado a súa capacidade de escribilo e falalo (Freixeiro-Mato, 1999). Tal suposto intentará ser verificado no contexto da UDC.

- H<sub>2.1.</sub>) Na UDC hai unha menor porcentaxe de galegofalantes ca no conxunto da sociedade galega.

O entorno universitario, por tratarse dun ámbito académico, dificulta o uso do galego polos prexuízos asociados que posúe. A fin de non sentirse menosprezado por falar un idioma con connotación negativas, daranse, como suposto a comprobar, menos galegofalantes na UDC que na sociedade en xeral (Freixeiro-Mato, 1999).

- H<sub>2.2.</sub>) O alumnado da UDC actualmente ten maiores competencias á hora de falar, ler, escribir e entender o galego respecto ós datos do estudo de Álvarez-Sousa (2005).

Co paso dos anos, a universidade é máis accesible a máis persoas pertencentes a diferentes clases sociais. Dende principios do século XXI, o perfil do estudiantado da UDC cambiou e agora rexístrase un incremento maior de persoas procedentes de hábitats máis rurais (municipios menores de 10.000 habitantes) (Subiela, 2010; González-González, 2011), cuestión que se debe reflectir no uso do galego.

- H<sub>3.1.</sub>) Canto maior é o tamaño do municipio no que está empadroadado o/a alumno/a, menor posibilidade hai de que sexa galegofalante.

O galego é un idioma que está afastado das grandes cidades, onde se fala principalmente castelán. Polo tanto, aquelas persoas que proveñan de municipios con máis de 50.000 habitantes terán máis probabilidades de non falar en galego, tamén nun contexto universitario (González-González, 2011).

- H<sub>3.2</sub>.) A clase social de pertenza do/a alumno/a determina un maior ou menos uso normalizado do galego.

A clase social condiciona a lingua que unha persoa fala. Así pois, falar castelán ou galego terá que estar condicionado pola relación entre o individuo e os medios de produción, os ingresos, o nivel educativo e a profesión (Bourdieu, 1991).

- H<sub>4.1</sub>.) A area de coñecemento está profundamente relacionadas á hora de explicar porque unha persoa fala ou non galego.

Coñecer o ámbito científico no que se desenvolve o estudiantado, axuda a esclarecer a utilización dun idioma ou doutro. Como punto de partida, cabe subliñar que aquelas ramas do coñecemento relacionadas coas humanidades teñen unha conexión máis profunda co galego segundo os estudos de Luaces-Pazos et. al. (2018) e Álvarez-Sousa, (2005).

- H<sub>5.1</sub>.) O sexo é unha das variables que maior explicación ofrece á hora de entender porque unha persoa fala ou non galego.

Existe unha diferenza entre homes e mulleres á hora de explicar o uso do galego nunha persoa. É necesario ter en conta esta variable para estudar as características sociolingüísticas da poboación galega, atendendo ao estudo de González-González (2011).



**Táboa I:** Obxectivos e hipóteses coas que se relacionan.

Obxectivos	Hipóteses
O <sub>1</sub> : Coñecer cales son as competencias do alumnado da UDC no uso do galego (entender, escribir, falar, ler).	H <sub>1.1</sub> .) O alumnado é mais competente en absorber información en galego (entender e ler) ca na emisión directa do idioma (falar e escribir).
O <sub>2</sub> : Comparar co IGE (2019), con Álvarez-Sousa (2005) e Luaces-Pazos et. al. (2018) os datos sobre o uso do galego neses ámbitos.	H <sub>2.1</sub> .) Na UDC hai unha menor porcentaxe de galegofalantes ca no conxunto da sociedade galega. H <sub>2.2</sub> .) Os alumnos da UDC actualmente teñen maiores competencias á hora de falar, ler, escribir e entender o galego respecto ós datos de Álvarez-Sousa (2005).
O <sub>3</sub> : Estudar a relación entre clase social, idade, area de coñecemento, e lugar de procedencia á hora de falar galego.	H <sub>3.1</sub> .) Canto maior é o tamaño do municipio no que está empadroadado o alumno, menor posibilidade hai de que sexa galegofalante. H <sub>3.2</sub> .) A clase social de pertenza do/a alumno/a determina un maior ou menos uso normalizado do galego.
O <sub>4</sub> : Comprender a incidencia da área de coñecemento na que estuda o alumnado do sexo á hora de falar galego.	H <sub>4.1</sub> .) A area de coñecemento está profundamente relacionadas á hora de explicar porque unha persoa fala ou non galego.
O <sub>5</sub> : Entender a implicación do sexo á hora de valorar a maior ou menor posibilidade de falar galego.	H <sub>5.1</sub> .) O sexo é unha das variables que maior explicación ofrece á hora de entender porque unha persoa fala ou non galego.

Fonte: elaboración propia.

Como se acaba de explicar, os obxectivos por un lado e as hipóteses polo outro levan á teoría abordada anteriormente un paso máis ala (táboa I). O *habitus*, a clase social e a súa relación cas competencias lingüísticas están presentes en todos os obxectivos, especialmente no O<sub>3</sub> e O<sub>4</sub>, así como nas súas hipóteses correspondentes. Outros conceptos traballados e que están presentes aquí, é a diglosia, que se explorará tanto no O<sub>1</sub> como no O<sub>2</sub>. Sen embargo, a teoría que se desenvolveu no seu propio epígrafe, non está enclaustrada en cadanseu obxectivo como se foran compartimentos estancos, senón que se atopan conectados entre si.

## 4. METODOLOXÍA

A metodoloxía coa que se procedeu neste traballo ten como finalidade a consecución dos diferentes obxectivos e a validación/refutación das hipóteses. Para iso, aplicouse unha metodoloxía cuantitativa centrada en dous tipos de investigación: a investigación primaria (entendida como a análise duns datos recollidos pola persoa investigadora) e a investigación secundaria (trabállase con datos recadados noutra investigación) (Cea-D'Ancona, 1996). Estes datos producíronse a partir dunha enquisa dende a plataforma en liña de *Google Formularios*, á que tiña acceso todo o alumnado da UDC. Para que se puidera levar a cabo, pedíuselle axuda ó Servizo de Normalización Lingüística que, facendo uso da lista de correos do alumnado, enviou a enquisa nunha primeira quenda o 16 de marzo, e nunha segunda o 31 do mesmo mes, cerrando a recepción de respostas o 7 de abril. Antes de proseguir co deseño do cuestionario, farase fincapé en cales son os motivos para empregar este tipo de enquisa.

A enquisa en liña pertence a un modelo chamado autoadministrado. Nas enquisas autoadministradas é a persoa entrevistada a que le as preguntas e tamén anota as respostas. Asemade, o/a entrevistador/a pode estar presente ou ausente. Na primeira modalidade “presentada a investigación, e unha vez conseguida a aceptación para colaborar, o entrevistador desaparece” (Díaz de Rada, 2012, p. 195). A enquisa que se realizou nesta investigación caracterízase pola ausencia de calquera persoa que realice a tarefa de entrevistador/a<sup>15</sup>, e é herdeira doutras modalidades que comparten a falta de entrevistador (como poden ser a enquisa por correo postal ou a enquisa telefónica automática).

Coa chegada de Internet popularizáronse as enquisas por correo electrónico e, como é o caso que nos ocupa, as enquisas en liña. Esta modalidade posúe unha serie de vantaxes respecto a calquera outro arquetipo de enquisa. Primeiramente, a enquisa en liña permite unha maior velocidade na recollida de información e, como desaparece a persoa entrevistadora, diminúe a posibilidade de que os entrevistados mintan por sentirse coartados. Por outro lado, facilita un deseño de cuestionario atractivo, xa que pode usar elementos audiovisuais. Por último, este tipo de enquisas prescinde de entrevistadores así como doutros elementos como a impresión de cuestionarios, o que se traduce nunha redución de custos. Asemade, as desvantaxes céntranse en aspectos como a baixa

---

<sup>15</sup>Sen embargo, proporcionábase o correo electrónico do autor deste traballo como método de contacto por se xurdía calquera dúbida ou suxestión sobre as preguntas do cuestionario.

cobertura á hora de chegar á toda a poboación e tamén a menor taxa de resposta, pero sobre todo os problemas que xorden á elaboración dunha mostraxe aleatoria (Díaz de Rada, 2012).

Ademais, é importante engadir que se tratou na medida do posible de corrixir aquelas desvantaxes típicas deste tipo de enquisas. Como a poboación obxecto de estudo é universitaria, onde predomina a xuventude, redúcese ó mínimo aqueles casos onde a poboación ten moi difícil poder participar na enquisa (por exemplo, non ter ordenador ou móbil onde realizala, ou non saber utilizar estas ferramentas). Por outra banda, no momento en que a enquisa foi remitida ó estudiantado na UDC, foi xusto no momento de comezo da crise do COVID-19 nos meses de marzo e abril de 2020, polo que a poboación diana estaba pendente do seu correo institucional. Isto supuxo que moitas persoas viran a enquisa e a contestaran, chegando a obter unha mostra maior da esperada. Quizais a desvantaxe máis importante, que sinala Díaz de Rada (2012), é a dificultade para que a mostra acadada sexa representativa da poboación. Grazas á estratificación realizada (explicada máis adiante), afinase en gran medida este punto feble, subordinando o deseño mostral ós dous obxectivo e hipóteses centrais ( $O_4$ ,  $O_5$  e  $H_{4.1}$  e  $H_{5.1}$ ) (táboa I).

#### 4.1. Deseño do cuestionario e estratificación mostral

Para o deseño do cuestionario tivéronse en conta varios aspectos (táboa II e véxase no Anexo 8.3 o cuestionario íntegro empregado). O máis obvio xa se sinalou con anterioridade: a satisfacción do cumprimento dos diversos obxectivos da investigación, principalmente os que teñen que ver con indagar entre a relación do galego co sexo e coa área de coñecemento. Ademais, co fin de influír o mínimo posible na decisión de responder á enquisa e tamén para que as persoas que veñan doutras Comunidades Autónomas ou do estranxeiro puideran responder, fíxose un modelo en galego e outro en castelán. Así pois, configuráronse catro grandes bloques temáticos: “Uso do galego no contorno”, “Percepción do uso do galego na sociedade”, “Uso do galego na UDC” e “Bloque sociodemográfico”. As cuestións formuladas divídense en dúas categorías. Por un lado, realizáronse preguntas cerradas de resposta simple. Por outro, fíxose uso de variables de escala nunha serie de preguntas.

**Táboa II:** Obxectivos da investigación e a relación coas preguntas do cuestionario.

Obxectivos	Hipóteses	Preguntas do cuestionario
O <sub>1</sub> : Coñecer cales son as competencias do alumnado da UDC no uso do galego (entender, escribir, falar, ler).	H <sub>1.1.</sub> ) O alumnado é mais competente en absorber información en galego (entender e ler) ca na emisión directa do idioma (falar e escribir).	P1, P2, P3 e P4.
O <sub>2</sub> : Comparar co IGE (2019), con Álvarez-Sousa (2005) e Luaces-Pazos et. al. (2018) os datos sobre o uso do galego neses ámbitos.	H <sub>2.1.</sub> ) Na UDC hai unha menor porcentaxe de galegofalantes ca no conxunto da sociedade galega.	P7, P8, P9 e P10.
	H <sub>2.2.</sub> ) Os alumnos da UDC actualmente teñen maiores competencias á hora de falar, ler, escribir e entender o galego respecto ós datos de Álvarez-Sousa (2005).	P1, P2, P3 e P4.
O <sub>3</sub> : Estudar a relación entre clase social, idade, área de coñecemento, e lugar de procedencia á hora de falar galego.	H <sub>3.1.</sub> ) Canto maior é o tamaño do municipio no que está empadroadado o alumno, menor posibilidade hai de que sexa galegofalante.	P31 e P33
	H <sub>3.2.</sub> ) A clase social de pertenza do/a alumno/a determina un maior ou menos uso normalizado do galego.	P34 e P35.
O <sub>4</sub> : Comprender a incidencia da área de coñecemento na que estuda o alumnado do sexo á hora de falar galego.	H <sub>4.1.</sub> ) A área de coñecemento está profundamente relacionadas á hora de explicar porque unha persoa fala ou non galego.	P17.
O <sub>5</sub> : Entender a implicación do sexo á hora de valorar a maior ou menor posibilidade de falar galego.	H <sub>5.1.</sub> ) O sexo é unha das variables que maior explicación ofrece á hora de entender porque unha persoa fala ou non galego.	P30.

Fonte: elaboración propia.

O segundo punto importante era garantir a comparabilidade entre os datos producidos con aqueles resultados acadados en investigacións similares que recordamos novamente: 1) o estudo de Álvarez-Sousa (2005) para a UDC no ano 2003; 2) o de Luaces-Pazos et. al. (2018) para a UVigo no ano 2017; e 3) tamén os efectuados polo Instituto Galego de Estatística (2019) para o ano 2018 (táboa III).

**Táboa III:** Comparabilidade das variables co resto de estudos<sup>16</sup>.

	Álvarez-Sousa (2005)	Luaces-Pazos et. al. (2018)	IGE (2019)
Variables comúns	P1,P2,P3,P4,P5,P10, P16, P23, P25 e P28.	P11, P20, P21, P22, P24, P26 e P27.	P5, P6, P7, P8, P9, P10, P12 e P16.

Fonte: elaboración propia.

Segundo o *Informe do Reitor ó Claustro*, na UDC había 16.847 persoas matriculadas (a poboación total ou  $N$ ) para o curso 2018-2019. Ademais, unha vez pechado o período de resposta, rexistráronse 1.594 casos de cuestionarios cubertos polo alumnado da UDC. Debido ó gran tamaño mostral que se logrou alcanzar, optouse por axustar a mostra probabilística de acordo a dous estratos mediante unha afixación proporcional<sup>17</sup>: o sexo e a área de coñecemento na que se está matriculado o alumnado da UDC. Isto débese a dúas razóns. En primeiro lugar, o feito de estratificar a mostra baseándose en parámetros poboacións que se poden coñecer aumenta a calidade da mostra. En segundo lugar, un dos obxectivos desta investigación ten que ver de maneira directa sobre a influencia á hora de falar galego do sexo e da área de coñecemento como variables fundamentais que dan resposta, sinalar de novo, a dous obxectivos e hipóteses centrais da investigación.

Antes de continuar, cabe facer unha precisión coa configuración do segundo estrato. Na UDC existe oferta de títulos académicos en cinco areas de coñecemento: Artes e Humanidades, Ciencias, Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas e Enxeñaría e Arquitectura. A mostra acadada tiña infrarrepresentado o grupo formado por estudantes de sexo masculino da área de Ciencias Sociais e Xurídicas. Como resultado optouse por unir aquelas ramas próximas entre si e configurar dúas grandes áreas. Por unha banda, Ciencias que contén Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias e Ciencias da Saúde. Por outra, Letras que contén á súa vez, Artes e Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas. Con isto a calidade da mostra non baixa e se compensa a falta cuestionarios cubertos por alumnado de sexo masculino, matriculado en titulacións de Ciencias Sociais (táboa IV).

<sup>16</sup>As preguntas 17, 18, 19, 30, 31, 32, 33, 34 e 35 son sociodemográficas.

<sup>17</sup>Polo tanto hai que sinalar que o tamaño de cada estrato mostral é proporcional ao tamaño do estrato poboacional. En definitiva,  $n_i = n \cdot (N_i/N)$ , sendo  $n_i$  o número de elementos na mostra do estrato  $i$  (Peña e Romo, 1997).

**Táboa IV: Universo.**

Área de coñecemento	Home	Muller	Total
Ciencias	4.680 (27,78%)	3.556 (21,11%)	8.236 (48,89%)
Letras	3.623 (21,51%)	4.988 (29,61%)	8.611 (51,11%)
Total	8.303 (49,28%)	8.544 (50,72%)	N= 16.847 (100%)

Fonte: Memoria de xestión 2018. Informe do reitor para o Claustro. Elaboración propia.

Tendo o anterior en conta propúxose un escenario onde  $p=q=0,5$ , o nivel de confianza é do 95% e o error absoluto (E) do 3,05%. O  $n$  final, tras unha correcta afixación da mostra, quedou en 974 persoas<sup>18</sup> (táboa V). Sinalar que a redución da mostra inicial vai encamiñada a adaptarse a unha estratificación, polo tanto a representatividade da mostra será moito maior que se se fixera unha mostraxe aleatoria simple con 1.594 casos (Peña e Romo, 1997).

**Táboa V: Deseño mostral.**

Estratos (idade e sexo)	Home		Muller		Total	
	(Ni/N)	ni	(Ni/N)	ni	(Ni/N)	ni
Ciencias	0,278	271	0,211	206	0,489	477
Letras	0,215	209	0,296	288	0,511	497
Total	0,493	480	0,507	494	1,000	n= 974

Fonte: elaboración propia

Antes de rematar este epígrafe, parece razoable especificar o tratamento estatístico realizado:

- ❖ Realizar análises estatísticas univariáveis (centrados na valoración de medias, modas, medianas, desviacións típicas, cómputo de frecuencias e cálculos de porcentaxes).
- ❖ Levar a cabo análises estatísticas bivariados, fundamentado no cálculo de chidadrado ( $\chi^2$ ) e, sempre no caso de que  $\chi^2 < 0,01$  ou  $< 0,05$ , posterior análise de correspondencias simples (en diante, ACS) (Joaristi e Lizasoain, 2000).

<sup>18</sup>O  $n$  para Álvarez-Sousa (2005) é de 2.012 persoas. Por outro lado, por parte de Luaces Pazos et. al. (2018), chegouse a 1.586 alumnos/as.

- ❖ Executar análises estatísticas multivariáveis, centrados na análise de correspondencias múltiples ou HOMALS (en diante, ACM) (Joaristi e Lizasoain, 2000), sempre e cando a variable de interese da análise teña un  $\chi^2$  significativo ( $\chi^{2*} < 0,01$  ou  $< 0,05$ ) con cada unha das variables inseridas no modelo.

A análise de correspondencias permítelle ó investigador observar como se relacionan as diferentes variables nominais ou ordinais. Ademais, o máis interesante é reflexar dita relación en gráficos de categorías ou mapas perceptivos, agrupando os puntos dependendo do comportamento desas variables e representando o que sería unha táboa difícil de explicar nun elemento visual (Díaz de Rada, 2002).

#### 4.2. A clase social no cuestionario

Un dos aspectos clave do traballo é como medir a clase social. Seguindo as definicións de clase expostas no marco teórico por Bourdieu (1991), a clase social é moito máis ca relación do individuo cos medios de produción. Os ingresos, o nivel educativo e tamén a profesión que se exerce son aspectos igualmente importantes, condicionando os comportamentos das persoas que se atopan nunha ou noutra clase social.

Pola súa parte, Goldthorpe (1987) propón un esquema de clases sociais (táboa VI) sen limitarse soamente a se a persoa ten ou non os medios de produción. Debido á sintonía existente entre estes dous autores, proponse definir a clase social como o dito esquema, que atende ó nivel de renda, pero tamén ás condicións do emprego e á posesión dos medios produtivos. Así pois, a facilidade que supón operativizar unha pregunta aberta nunha clasificación concisa e concreta é o motivo polo que se optou por traballar coa clasificación de Goldthorpe. No caso da enquisa que nos ocupa, as preguntas P34 e P35 indágase sobre a profesión do pai/titor e da nai/titora nunha pregunta aberta, é dicir, cada persoa que cubrira o cuestionario podía describir, coa maior exactitude posible, a que se dedican esas persoas. Ó ser estudantes universitarios presuponse que estes non teñen porque ter ingresos propios, polo que unha alternativa para medir este aspecto -a clase social- é coñecer a profesión do pai/titor e nai/titora.

**Táboa VI:** Esquema de clases proposto por Goldthorpe.

Subcategorías de clase		Categorías de clase	
1	Empresarios ou comerciantes con 6 ou máis traballadores.	1	Clase de servizos.
	Profesionais técnicos por conta propia (médicos, avogados, etc.). Directores de empresas públicas ou privadas de 25 ou máis traballadores.		
	Mandos superiores ou empregados a nivel superior de empresas, administración pública e xefes do exército.		
	Profesionais e técnicos por conta allea (médicos, avogados, etc.).		
2	Empresarios agrarios con 6 o máis traballadores.	2	Clases intermedias
	Empresarios ou comerciantes con 1 a 5 traballadores.		
	Directores de empresas públicas ou privadas de menos de 25 traballadores.		
	Mandos intermedios ou empregados a nivel medio de empresas, administración pública e oficiais do exército.		
3	Comerciais, representantes.	2	Clases intermedias
	Administrativos.		
4	Obreiros especializados, Garda Civil e Policía, albanel, fontaneiro por conta allea, etc.	2	Clases intermedias
5	Membros de cooperativas non agrarias.		
6	Empresarios ou comerciantes sen traballadores.		
7	Membros de cooperativas agrarias.		
	Propietarios agrícolas sen traballadores.		
8	Empresarios agrarios con 1 a 5 traballadores.	2	Clases intermedias
8	Capataces, encargados, suboficiais do exército		
9	Traballadores manuais e artesáns por conta propia (albanel, fontaneiro, etc.).	3	Clase traballadora
	Vendedores, dependentes.		
	Empregados subalternos (conserxes).		
10	Obreiros sen especificar, peóns, servizo doméstico, etc.	3	Clase traballadora
11	Xornaleiros do campo.		
	Outro persoal non cualificado.		

Fonte: elaboración propia a partir de García-Docampo (2000).




## 5. ANÁLISE DE RESULTADOS

A continuación analizaremos os datos que recollidos para a realización deste traballo. Primeiramente farase unha caracterización da mostra tentando mostrar as os trazos principais que están presentes naquelas persoas que realizaron a enquisa. Despois, a análise dos datos estruturarase de tal maneira que se corresponda cos bloques do cuestionario: “uso do galego no contorno”, “percepción do uso do galego na sociedade” e “uso do galego na UDC”. Introducíranse cando sexa pertinente comparativas coas investigacións xa citadas. En terceiro lugar analizarase as relacións multivariadas mediante unha análise de correspondencias simples e múltiples. Por último, reservarase un epígrafe para explorar a relación entre os resultados acadados cos obxectivos e tamén coas hipóteses que se propuxeron nesta investigación.

### 5.1. Caracterización da mostra.

Do total de casos cos que traballamos na mostra (n=974 persoas), un 50,7% son mulleres e un 49,3% son homes. Como xa se apuntou no epígrafe de metodoloxía, a mostra deseñouse mediante unha afixación proporcional. Por tanto, esta porcentaxe coa que traballamos na mostra é exactamente igual ós últimos datos dispoñibles acerca do universo (N=16.847 alumnado da UDC no curso 2018/2019). Asemade, a idade media da mostra é de 24,2 anos, cunha desviación típica bastante alta de 7,1 anos, o que nos sitúa nunha marxe de idade bastante grande nun escenario educativo. Así mesmo, o 78% das persoas que fixeron a enquisa cursan un grao, o 14,8% un mestrado e un 7,2% está matriculada nun doutoramento. Polo seu lado, o 89,1% da mostra estuda no Campus da Coruña (Elviña, Zapateira ou Riazor), mentres que o 10,9% faino no Campus de Ferrol (Esteiro ou Serantes). Ademais, o 74,9% fixeron a enquisa en galego e o 25,1% optaron por contestar a mesma en castelán.


**Gráfico 1: Sexo (%).**



Fonte: elaboración propia.

Con respecto ó lugar de procedencia (gráfico 2) dáse unha ampla maioría de persoas que naceron en Galicia (87,3%) mentres ca aquelas persoas nadas noutra comunidade autónoma ou directamente no estranxeiro teñen o mesmo peso (6,4%). Pola súa parte, o gráfico 3 mostra cal é o tamaño do municipio onde está rexistrado no padrón. O motivo polo que se fixo esta cuestión desta maneira era porque é moi pouco habitual que un estudante mude o seu rexistro padroal onde reside durante o curso académico, e deixe de estar inscrito no lugar onde vive sen ser en época de clases ou exames.

**Gráfico 2: Lugar de nacemento (%).**




Fonte: elaboración propia.

Así pois, o 38,9% están rexistrados en concellos de máis de 50.000 habitantes, a categoría máis alta. Pola súa parte, a suma daqueles municipios cunha poboación comprendida entre 20.000 e 50.000 e os que teñen entre 10.000 e 20.000 habitantes posúen o 32,6% da mostra, repartida case á metade entre ambas categorías. Por último, o tamaño de

municipio más pequeno, menos de 10.000 habitantes, representa o 28,7% do alumnado da UDC que contestou o cuestionario da enquisa.

**Gráfico 3:** tamaño de municipio (%).



Fonte: elaboración propia.

Tanto a táboa VII como a táboa VIII conteñen información sobre a clasificación social de Goldthorpe aplicada á mostra que nos ocupa. A primeira fai referencia á clasificación máis as categorías parado/a, xubilado/a e os NS/NC. Como se pode comprobar, a categoría máis numerosa entre as nais/titoras é a clase traballadora (41,6%), debido tamén á inclusión das empregadas do fogar nesta categoría. Ademais, a clase servizos é a segunda máis numerosa cun 27,9%. Por outro lado, un 8,8% dos casos serían contados como perdidos segundo a clasificación tradicional de Goldthorpe. No caso dos pais/titores as cifras que manexamos cambian bastante. A clase traballadora xa non é a máis numerosa -de feito na clasificación tradicional sería a que menos persoas contén-, senón que a clase intermedia é o grupo máis cuantioso cun 38,5% de alumnado nesta categoría.

**Táboa VII:** Clase social do alumnado UDC segundo Goldthorpe  
(*máis parados/as, xubilados/as e NS/NC*).

Categorías.	Nai/titora		Pai/titor	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Clase de servizos.	272	27,9	275	28,2
Clase intermedia.	211	21,7	375	38,5
Clase traballadora.	405	41,6	161	16,5
Parado/a.	32	3,3	18	1,8
Xubilado/a.	33	3,4	88	9,0
NS/NC.	21	2,2	57	5,9
Total.	974	100,0	974	100,0

Fonte: elaboración propia.

**Táboa VIII:** Clase social segundo Goldthorpe.

Categorías.	Nai/titora		Pai/titor	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Clase de servizos.	272	27,9	275	28,2
Clase intermedia	211	21,7	375	38,5
Clase traballadora.	405	41,6	161	16,5
Total	888	91,2	811	83,3
Perdidos	86	8,8	163	16,7
Total	974	100	974	100

Fonte: elaboración propia.

A continuación, como xa se adiantara, levarase a cabo un estudo dos resultados obtidos, estruturándoo de acordo cos grandes bloques do cuestionario: (1) uso do galego no contorno, (2) percepción do uso do galego na sociedade e (3) uso do galego na UDC. É importante sinalar que para facer estes análises tívose como variable central aquela que responde á pregunta 8 do cuestionario (“En que lingua fala habitualmente na UDC?”).

### 5.2. Uso do galego no contorno.

Como podemos ver na táboa IX, o alumnado da UDC no ano 2020 destacábase principalmente por entender e ler o galego. Estas tarefas que teñen un aspecto “pasivo” (no sentido de que é unha interpretación do que fala ou escribe unha segunda ou terceira persoa e non é o proposto por un mesmo), contrasta cas outras dúas categorías máis

activas: falar e escribir. O 98,4% recoñecen que entenden ben ou moi ben o galego e unha cifra similar (96,0%) acontece sobre a competencia de ler. Véndoo dende outro punto de vista, aquelas persoas que entenden e len mal ou regular o galego son unha minoría. No entanto, atopámonos unha situación semellante pero non tan hexemónica á hora de falar ou escribir. Os estudantes que falan ben ou moi ben son un 87,3% o que, sendo unha cifra moi alta, quedase algo lonxe daquelas que se dan nas anteriores categorías. Na escritura sucede algo parello. O 87,8% do estudiantado considera que escribe moi ben ou ben, mentres que o 12,2% considera que o fai mal ou regular. Observase, tamén, como nestas dúas variables -falar e escribir- a categoría ben contén moitos máis casos que a moi ben, polo que descende a calidade no uso do galego nestes ámbitos. Sucede xusto ó contrario que en entender e ler, onde moi ben era practicamente hexemónica.

Se comparamos os datos recollidos este ano ca investigación de Álvarez-Sousa (2005) realizada con datos do 2003, podemos ver como as diferenzas entre entender e ler e falar e escribir mantíñanse dun xeito semellante á actualidade. Mentres que máis do 90% dos alumnos e alumnas recoñecía entender (96,1%) e ler (92,8%) ben ou moi ben o galego, as cifras para falar e escribir son moderadamente inferiores. A diferenza máis notable que reflexan os datos é o incremento da categoría moi ben en todos os ámbitos, incluídos falar e escribir, que en 2020 era a categoría maioritaria.

**Táboa IX:** Entender, falar, ler e escribir o galego.

Entende vostede o galego?					Sabe falar en galego?				
UDC 2020			UDC 2003		UDC 2020			UDC 2003	
Categorías	Frecuencia	%	Frecuencia	%	Categorías	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Mal	0	0	20	1	Mal	47	4,8	102	5
Regular	16	1,6	61	3	Regular	76	7,8	306	15,2
Ben	143	14,7	592	29,5	Ben	346	35,5	947	47,1
Moi ben	815	83,7	1337	66,5	Moi ben	505	51,8	652	33,6
Total	974	100,0	2010	100,0	Total	974	100,0	2011	100,0

Sabe ler en galego?					Sabe escribir en galego?				
UDC 2020			UDC 2003		UDC 2020			UDC 2003	
Categorías	Frecuencia	%	Frecuencia	%	Categorías	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Mal	8	0,8	46	2,3	Mal	55	5,6	109	5,4
Regular	31	3,2	98	4,9	Regular	64	6,6	233	11,6
Ben	173	17,8	807	40,1	Ben	326	33,5	989	49,1
Moi ben	762	78,2	1060	52,7	Moi ben	529	54,3	680	33,9
Total	974	100,0	2011	100,0	Total	974	100,0	2011	100,0

Fonte: elaboración propia a partir de datos propios e de Álvarez-Sousa (2005).

A táboa X compara os datos recollidos neste estudo co de Álvarez-Sousa (2005) e tamén co total de Galicia -estimado polo IGE (2019)- respecto á pregunta “Cando era neno, en que lingua aprendeu a falar?”. Como se pode advertir, no eido universitario coruñés do 2003, o 74,3% dos alumnado aprendeu a falar en castelán, o que representa unha gran diferenza con aqueles datos recadados na actualidade e que sinalan un descenso do 36,7%, situando a aquelas persoas que aprenderon a falar nesta lingua nun 37,6%. O que no seu momento foi unha ampla maioría, hoxe descendeu á segunda posición, moi á par daquelas persoas que se criaron con ámbalas dúas linguas (38,3%). Emporiso, o galego como lingua nai do alumnado viu un claro ascenso (do 13,6%) nestes 17 anos. Así e todo, segue estando notablemente por detrás do castelán.

Por outro lado, comparando os datos para o conxunto de Galicia (IGE, 2019) cos do alumnado universitario da Coruña en 2020 acerca da lingua na que aprendeu a falar, podemos ver profundas diferenzas. Primeiramente observase un descenso case da metade da porcentaxe de galegofalantes na UDC (22,3%) respecto a Galicia (42,2%). A poboación universitaria representa un segmento que pasou a educación obrigatoria e ciclos de formación ou o bacharelato. Por tanto, o seu nivel educativo, como sinalaba Bourdieu (1991), condiciona o seu comportamento.

A redución da metade dos falantes pon de manifesto as diferencias existentes entre o total da poboación galega e os universitarios da UDC. Mentres que en Galicia a lingua galega é a maioritaria, entre os estudantes da UDC este lugar ocúpao o castelán. As costumes lingüísticas dun grupo da sociedade que chega á educación universitarias pouco teñen que ver coas da sociedade no seu conxunto. O feito de situarse nun contexto social diferente compón uns usos lingüísticos diferentes e pon de manifesto a diferenza de status dunha lingua respecto á outra, dáse a diglosia (Freixeiro-Mato, 1999). En Galicia o 23,7% aprendeu a falar tanto en galego como en castelán, e na UDC esa cifra aumenta ata o 38,3%, co que se pode entender que a maioría de estudantes universitarios da UDC aprendéuselles a falar tanto en galego como en castelán. Para rematar, cabe sinalar a baixa porcentaxe de persoas que aprenderon a falar noutras linguas.

**Táboa X:** “Cando era neno, en que lingua aprendeu a falar?”

Categorías	UDC 2020		Álvarez-Sousa (2005)		Galicia 2018	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Galego	217	22,3	354	8,7	1.083.432	42,2
Castelán	366	37,6	1172	74,3	814.582	31,7
As dúas	373	38,3	422	13,6	608.202	23,7
Noutra/s lingua/s	18	1,8	31	3,4	61.782	2,4
Total	974	100,0	2009	100,0	2.567.997	100,0

Fonte: elaboración propia a partir de Álvarez-Sousa (2005) e IGE (2018).

A información que estudamos na anterior táboa complementase perfectamente coa que nos ocupa (táboa XI). Podemos ver como o castelán é o idioma predominante con ambos proxenitores ou titores, tanto só castelán como cando o seu uso é maioritario respecto ó galego. É salientable como a nai/titora utiliza o castelán (tanto en compañía do galego como en exclusiva) nun 62,4% dos casos. En contraste, os pais/titores un 55,4% fan uso desta lingua dun xeito predominante. A gran diferenza atópase nos avós. Estes últimos son o grupo de familiares que máis galego falan. Para a lingua que lles falaban os avós, sobresa a alta porcentaxe de en galego sempre (45,9%), sendo os principais familiares emisores de galego.

**Táboa XI:** “Cando era neno/a, en que lingua lle falaban os seguintes familiares?” [UDC 2020].

Categorías	NAI/TITORA		PAI/TITOR		AVÓS	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%	Frecuencia	%
En galego sempre	281	28,9	330	33,9	447	45,9
Máis galego ca castelán	61	6,3	76	7,8	150	15,4
Máis castelán ca galego	219	22,5	192	19,7	163	16,7
En castelán sempre	389	39,9	348	35,7	182	18,7
Noutras linguas	22	2,3	20	2,1	20	2,1
NS/NC	2	0,2	8	0,8	12	1,2
Total	974	100,0	974	100,0	974	100,0

Fonte: elaboración propia.


Podemos advertir no gráfico 4 as diferenzas que existen entre a UDC e a sociedade galega á hora das costumes lingüísticas. Como sinalaba Freixeiro-Mato (2009), prodúcese unha asociación entre o galego e a falta de coñecemento. Sen embargo, unha das características principais de calquera universidade é a suposta intelectualidade inherente á propia institución. O alumnado da UDC vese nun contexto diferente, tanto cando se atopa na propia facultade como cando está no seu día a día, ó resto da sociedade galega. Así pois, aínda que no total de Galicia se poda falar dunha certa igualdade na cantidade de persoas que falan galego -maioritariamente ou só galego- e aquelas que fan o propio co castelán (51,9% e 47,3% respectivamente), na UDC rexistrase unha clara diferenza. Por un lado, soamente o 31,2% dos estudantes falan só galego ou máis galego ca castelán (polos 51,9% de Galicia). Esta desproporción é maior cando temos en conta que na categoría en galego sempre dáse o dobre de diferenza de falantes no total da sociedade galega ca no estudiantado. Ademais, o 51% contesta na lingua coa que lle están falando cando inicia unha conversa con outra persoa, mentres que o 49%, contesta na lingua que fala habitualmente, polo que non se da ningunha diferenza. Os comportamentos lingüísticos condicionados polo *habitus* (Bourdieu, 1991) do alumnado universitario da Coruña e os do total galego diverxen.

Se preguntamos concretamente pola lingua que fala habitualmente na UDC, os resultados son máis ou menos semellantes. O 16,1% falan en galego sempre, o 10,2% máis galego ca castelán, o 33,7% máis castelán ca galego, e o 39,6% que fala en castelán sempre. Doutro lado, aínda que Álvarez-Sousa (2005) categorice a pregunta doutro xeito (declarando que o 21,3% do estudiantado universitario da Coruña en 2003 fala



habitualmente galego e o 77,4% castelán) rexístranse lixeiras diferenzas entre as costumes lingüísticas do alumnado en 2003 e como o fai en 2020.


**Gráfico 4:** “Que lingua fala habitualmente?” (%).



Fonte: elaboración propia a partir de datos propios e IGE (2019).

Pola súa parte, no gráfico 5 pódese ver cal é a lingua de escritura habitual. O castelán impónse nos tres contextos. Para o total de Galicia, o IGE (2019) rexistra un 89,6% de persoas que escriben habitualmente en castelán fronte ó 16,6% que o fan en galego. Pola súa parte, Álvarez-Sousa (2005) traballa con datos similares. No 2003, un 82,1% do alumnado escribía habitualmente en castelán mentres o 9,6% facíao en galego. Actualmente estas cifras mudaron lixeiramente. Despois de 17 anos, a cifra de persoas que escriben habitualmente en castelán descendeu un 15,6%. Pola súa parte, a porcentaxe de persoas que faino en galego, chega a un 24,8%, un 15,2% máis.


**Gráfico 5:** “En que lingua escribe habitualmente?” (%).



Fonte: elaboración propia a partir de datos de Álvarez-Sousa (2005) e IGE (2019).

No gráfico 6 mostrase unha relación moi parella cas diversas dificultades que lle supón ó estudiantado tanto da UDC como da UVigo o galego a diferentes niveis. En ámbolos dous contextos nin entender nin ler o galego supón algún atranco para a inmensa maioría da poboación estudada. En troques, ó igual que sucedía na táboa VII, existe máis dificultade cando é un mesmo o que propón que dicir ou que escribir. Na UVigo rexístrase unha porcentaxe maior de persoas que non teñen ningunha dificultade á hora tanto de escribir como de ler comparado ca UDC; asemade, este incremento está moi lonxe tanto das categorías entender e ler. Faise explícito por tanto, unha diferenza entre os usos pasivos da lingua (entender e ler) e os activos (escribir e falar), que precisan dun maior coñecemento respecto ás outras. O coñecemento do galego situase nun espazo coloquial onde se da unha diferenciación clara entre as competencias en galego e en castelán, aparecendo a diglosia (Freixeiro-Mato, 1999).

**Gráfico 6:** Diría que ten ningunha dificultade para... (%).




Fonte: elaboración propia a partir de datos propios e Luaces-Pazos et. al.(2018).

Polo que se refire a cal é o idioma co que mellor se desenvolve tanto para falar, ler ou escribir (gráfico 7), reparase, outra vez máis, nas disparidades existentes entre a UDC e o total do conxunto galego. A primeira variable, a fala, ten unha porcentaxe similar en canto a aquelas persoas que afirman ter igual competencia tanto en galego como en castelán (30% aproximadamente). Agora ben, na UDC dáse unha discrepancia entre aquelas persoas que se desenvollen mellor para falar en galego (20,0%) e aquelas que din que o fan mellor en castelán (50,2%). Esta gran desigualdade de máis do 30% non se rexistra para o total galego, onde ámbalas dúas categorías está moi igualadas. Destaca, por tanto, o papel do sistema educativo como un elemento de aprendizaxe da lingua galega no caso do estudiantado universitario da UDC, fronte ao conxunto da poboación galega na que unha parte non tivo o mesmo acceso ao sistema educativo -ou onde o galego non formaba parte do mesmo- (Losada, 2012).

En canto á variable ler, sucede o contrario que ca anterior. Se máis ou menos unha porcentaxe similar de persoas dos dous campos recoñecían desenvolverse tan ben nunha lingua coma na outra para falar, á hora de ler recollese unha maior competencia dos dous idiomas na UDC (55,6%) fronte á poboación galega (28,4%). No seu lugar, o IGE (2019) rexistra un maior numero de persoas que se desenvollen mellor para ler castelán ca galego (63,9%). Tanto na UDC como no total de Galicia, o galego é a lingua na que peor se desenvollen á hora de ler (un 10,9% na UDC e un 7,7% en Galicia).

Outra cuestión é a lingua coa que se desenvolve mellor para escribir. O derradeiro dato comentado para a variable ler cómprese nesta tamén. O galego é a categoría minoritaria, polo que tanto na UDC como en Galicia, é a lingua na que mellor se desenvolve o menor numero de persoas (un 11,1% e un 7,7% respectivamente). Se nos centramos no comportamento de Galicia vese como as porcentaxes para ler e para escribir son semellantes. O castelán é a categoría máis respondida (entre o 60% e o 70%) e nas dúas linguas a seguinte (entre o 20% e o 30%). A UDC, pola contra, rexistra diferenzas respecto á variable anterior. Mentres que para ler rexistrase unha maioría de persoas que se desenvolven tan ben en galego como en castelán, para escribir esta maioría (do 46,6%) sitúase na categoría do castelán.

**Gráfico 7:** Actualmente, que lingua se desenvolve mellor para... (%).




Fonte: elaboración propia partir de datos propios e do IGE (2019).

### 5.3. Percepción do uso do galego na sociedade

Sobre o gráfico 8 e o uso do galego actual e en vistas do futuro, obsérvanse uns datos moi interesantes. Dunha mostra de 974 casos, ante á pregunta “Segundo vostede, o galego actualmente úsase... (nunha escala o 0 ó 10)” a media é de 6,6 puntos, é dicir, o estudiantado da UDC percibe un uso moderadamente amplo do galego na sociedade. Asemade, a desviación típica atopase en 3,5 puntos, polo que os datos recadados para esta variable pódense encontrar relativamente dispersos arredor da media.

Pola contra, tamén nunha escala de 0 (nada) ó 10 (moito) canto se usará o galego dentro de cinco anos, os alumnos e alumnas da Universidade da Coruña están próximos á idea de que menos ca na actualidade (3,8 puntos). O máis peculiar desta variable é como a desviación típica aquí é menor ca no caso anterior, polo que enténdese que os datos recollidos están máis próximos á media e por tanto menos dispersos, é dicir, hai un maior consenso.


**Gráfico 8:** “Nunha escala do 0 (nada) ó 10 (moito)...” [UDC 2020]



Fonte: Elaboración propia.

O seguinte punto a tratar é cal é o idioma propio de Galicia segundo os universitarios da UDC. No gráfico 9, pódese observar como a inmensa maioría de persoas recoñecen o galego como o idioma propio de Galicia (un 72,3%). Preto dun cuarto do alumnado rexistrado nesta enquisa (25,7%) afirma que tanto o castelán como o galego son idiomas característicos desta terra. Aquelas persoas que recoñecen o castelán en exclusiva como a lingua propia de Galicia son unha minoría que representa só un 2,1%. Polo seu lado, Álvarez-Sousa (2005), categorizou dunha maneira diferente esta pregunta. Na súa investigación, o 69,8% recoñecían estar *moi de acordo* ante a oración “O galego é o idioma propio de Galicia”. Do mesmo xeito, aqueles que estaban *máis ben de acordo* eran un 20,8%.

**Gráfico 9:** “Na súa opinión, cal é o idioma propio de Galicia?” (%) [UDC 2020].



Fonte: Elaboración propia.

#### 5.4. Uso do galego na UDC

Polo que se refire á lingua vehicular da docencia na UDC (táboa XII), un 54,1% dos enquisados afirman que teñen mais clases en castelán ca en galego. Se a iso se lle suma aquelas persoas que aseguran recibir todas a docencia en castelán (23,0%), atopamos que a un 77,1% impárteselles clases onde o galego atopase de forma residual ou directamente é inexistente. En troques, soamente un 14,7% reconece que recibe clases cunha certa igualdade tanto en galego coma en castelán, e unha ampla minoría (7,4%) nunha situación onde o galego sexa maioritario e menos aínda en exclusiva (0,8%).

Para a realización dos exames a situación é moi semellante (táboa XII). Primeiramente, aquelas persoas que redactan as probas en todas en galego (3,8%) ou maioritariamente en galego (7,5%) son minoritarias. Por outra banda, a porcentaxe de persoas que realizan os exercicios tanto en galego coma en castelán é soamente dun 11,6%. Finalmente, quen realiza as probas de avaliación todas en castelán (representan un 37,0%) e maioritariamente en castelán (40,1%) congregan a maioría dos casos.

Para finalizar, á hora de tomar apuntamentos (táboa XII) atópanse as maiores cifras onde o galego está presente en exclusiva (6,3%) ou maioritariamente (7,7%). Estas cifras seguen sendo moi baixas respecto ós casos onde o castelán é o que máis se usa. Ó igual que acontecía nos casos anteriores, preto do 75% da mostra reconece tomar notas maioritariamente en castelán (33,6%) ou soamente en castelán (41,8%).


**Táboa XII:** “En que lingua adoita habitualmente...?” [UDC 2020]

Categorías	Recibir as clases.		Realizar os exames.		Tomar apuntamentos.	
	Frecuencia	%	Frecuencia	%	Frecuencia	%
Todas en galego	8	0,8	37	3,8	61	6,3
Maioritariamente en galego	72	7,4	73	7,5	75	7,7
Igual en galego ca castelán	143	14,7	113	11,6	104	10,7
Maioritariamente en castelán	527	54,1	360	37,0	327	33,6
Todas en castelán	224	23,0	391	40,1	407	41,8
Total	974	100,0	974	100,0	974	100,0

Fonte: elaboración propia.

O gráfico 10 representa a media e o grado de dispersión ó redor da mesma ante a pregunta “Nunha escala do 0 (só galego) ao 10 (só castelán), en que lingua fala habitualmente...” con profesores/as e co resto do estudiantado. Ámbalas dúas preguntas teñen practicamente os mesmos valores. Tanto cos/as compañeiros/as (6,7 puntos de media) coma co profesorado (6,6 puntos de media) reconécese que se fala máis castelán ca galego. As desviacións son moderadamente altas, polo que a maioría dos datos recadados non mostran un consenso absoluto.

**Gráfico 10:** Nunha escala do 0 (só galego) ao 10 (só castelán), en que lingua fala habitualmente... [UDC 2020]




Fonte: elaboración propia.

Ademais, ante a pregunta “A docencia na UDC debería impartirse...?” tamén nunha escala do 0 (toda en galego) ó 10 (toda en castelán), obtívose unha puntuación media de 4,5 puntos, o que o sitúa máis próximo do galego. Asemade a desviación típica nesta pregunta é moito menor que as que se reflexan no gráfico 4, fixándose en 2,6 puntos e facendo que a maioría de datos se atopen moito máis próximos da media e, por tanto, establecendo un maior consenso nesta pregunta.

En canto á consideración do uso do galego na UDC, o gráfico 11 compara os datos recollidos aquí con Luaces-Pazos et. al. (2018). Tanto no uso xeral como por parte da docencia, tanto na UDC como na UVigo, as respostas que definen o mesmo como excesivo son unha minoría -en ningún caso chega ó 4%-. O que refire ó uso xeral, na universidade do sur de Galicia existe unha certa igualdade por categorizalo como *insuficiente* (47,4%) e *adecuado* (49,6%). No caso da UDC a situación é dispar, situando a un 61,7% do alumnado que entenden un uso insuficiente do galego, mentres que un 34,7% considérao adecuado. Por parte do uso na docencia, os datos son practicamente iguais, sobre todo na UDC.

**Gráfico 11:** “Segundo a súa opinión, o galego úsase dunha maneira...” (%)




Fonte: elaboración propia e datos de Luaces-Pazos et. al. (2018).

O gráfico 12 complementa á perfección o que se acaba de ver. Na UDC un 83,0% das persoas que realizaron a enquisa, recoñecen estar *moi de acordo* ou *máis ben de acordo* coa afirmación “Debería fomentarse máis o uso do galego na súa facultade?”. Recoñecese unha carencia importante do uso do galego nas facultades coruñesas e máis se cadra se o comparamos cos datos que Álvarez-Sousa (2005) recadou no 2003. Nese ano, o 40,2%



do alumnado estaba moi de acordo con fomentar máis o uso do galego na súa facultade e, se sumamos a categoría *mais ben de acordo* chegamos ata o 78,6%. En poucas palabras, despois de 17 anos dende o estudo de Álvarez-Sousa (2005), o porcentaxe de persoas que afirman que se debería fomentar máis o uso do galego na súa facultade creceu lixeiramente (4,3% concretamente).


**Gráfico 12:** “Debería fomentarse máis o uso do galego na súa facultade?” (%) [UDC 2020].



Fonte: elaboración propia.

Para esta variable realizouse un ACS entre ela mesma e o idioma que se fala na UDC (véxase táboas XXV e XXVI do Anexo 8.2.1). O resultado, a figura 1, sinala a correspondencia significativa que se da entre estas dúas variables ( $\chi^2= 165,347$ ;  $\chi^2 < 0,01$ ). Mostrase como as persoas que falan en galego sempre e máis galego que castelán, están moi de acordo con que na súa facultade se fomentara o uso do galego. Polo outro lado, os centroides de aquelas persoas que falan en castelán sempre sitúanse preto da categoría *máis ben en desacordo*, establecendo unha relación evidente entre a lingua que un alumno ou alumna fala na universidade, e a súa consideración sobre o papel que ten que exercer a UDC á hora de fomentar (ou non) o uso do galego.


**Figura 1:** Gráfico de categorías conxunta (“Debería fomentarse máis o uso do galego na súa facultade?” \* “Que lingua fala habitualmente na UDC”).



Fonte: elaboración propia. Inercia (Total) = 0,170. Dimensión 1: inercia = 0,157; proporción da inercia explicada = 0,924.

Pola súa parte o gráfico 3 mostra o 51,5% das persoas que realizaron esta enquisa, recoñecen que preferirían recibir as clases en galego. Pola contra, un 38,4% afirman que o castelán sería a súa lingua elixida. O inglés é escollido só por un 8,6%. Queda patente o contrapunto existente entre a preferéncia do alumnado e a realidade da UDC á hora de recibir as clases e sustentividade (na que se afondou máis arriba, na táboa XII) mostrando unha gran superioridade do castelán respecto do galego á hora de impartir as clases. Polo seu lado Luaces-Pazos et. al (2018), realizaron a mesma pregunta no seu traballo (sen a categoría do inglés). Os datos recadados foron que o 47,4% dos alumnos e alumnas de Vigo preferirían o castelán á hora de recibir as clases, mentres o 41,3% recoñecen que elixirían o galego.

**Gráfico 13:** Cal sería a súa lingua preferida para recibir as clases? (%) [UDC 2020].




Fonte: elaboración propia.

Ademais, para esta variable realizouse un ACM xunto coa lingua que se fala habitualmente na UDC e a opinión sobre o uso do galego na UDC. A figura 2, por tanto, mostra como se dispoñen os centroides desas tres variables. Por un lado, vese claramente como as persoas que falan en castelán (e prefiren ese idioma para recibir as clases), son aquelas que afirman que o galego usase na UDC dun xeito adecuado. Por outro, aquelas persoas que falan e preferirían recibir as clases en galego, consideran que o uso do mesmo na UDC é insuficiente.

Por último, os alumnos e alumnas que lles gustaría recibir as clases en inglés, entenden que o galego utilízase dunha maneira excesiva. A liña vertical trazada deixa do lado esquerdo todas aquelas persoas que ou ben falan só ou maioritariamente galego. Do lado dereito, en cambio, atópase o forma do castelán. Resulta evidente tendo en conta esta figura, como cada quen defende o idioma que emprega de forma habitual. É dicir, o galegofalante preferirá recibir as clases en galego e considera que o uso do mesmo na UDC é exíguo. Do mesmo xeito, aquelas persoas que falan en castelán e tamén preferirán recibir as clases na mesma, considerarán que o galego úsase dun xeito apropiado. Antes de rematar con esta figura, é necesario comentar que a lingua preferida para recibir as clases é a variable que máis discrimina na figura 4 e, por tanto, é a que axuda a polarizar os centroides (véxase táboas XXVII e XXVIII do Anexo 8.2.2.).

**Figura 2:** Gráfico de categorías conxuntas (“Que lingua fala habitualmente na UDC”- “Segundo a súa opinión, diría que na UDC, en xeral, úsase o galego dunha maneira...”- “Cal sería a súa lingua preferida para recibir as clases”).



Fonte: elaboración propia. Autovalor (Total) = 3,114 / Inercia (Dimensión 1) = 0,638/ % da varianza explicada (Dimensión 1) = 63,783 % / Alfa de Cronbach (Dimensión 1) = 0,716

Por outro lado, levouse a cabo, tamén, un ACS coas variables sexo e a lingua que se fala habitualmente na UDC (véxase táboas XVII e XVIII do Anexo 8.2.1.). A proba chi-cadrado reflexa que a correspondencia entre variables non é significativa ( $\chi^2=7,184$ ;  $\chi^2 > 0,05$ ). O feito de falar sempre en galego, sempre en castelán ou calquera outra categoría, non ven, de ningún xeito, determinado polo sexo das persoas.


A outra variable que se marcara como crucial para este traballo foi área de coñecemento do estudante. Da mesma maneira que se fixo co sexo, realizouse un ACS entre esta e a lingua que se fala habitualmente na UDC. Sen embargo, ó igual que pasa con aquela, a área de coñecemento non determina, de ningunha maneira, o idioma que se fala. É dicir, as variables non reflexan unha correspondencia significativa ( $\chi^2=3,488$ ;  $\chi^2 > 0,05$ ). Polo tanto, non hai apenas diferenzas entre cursar unha ou outra carreira. Como é evidente cos datos que se veñen comentando, hai poucos galegofalantes, pero é indistinto da área de coñecemento na que se atope matriculado o estudante (véxase táboas XIX e XX do Anexo 8.2.1.).

Levouse a cabo unha ACS entre o tamaño de municipio de procedencia e a lingua que fala habitualmente na UDC, o que resultou na figura 3. A correspondencia entre as

variables é significativa ( $\chi^2= 128,749$ ;  $\chi^2^* <0,01$ ) e pódese ver claramente como os centroides están repartidos dunha maneira moi concreta. Hai unha relación manifesta entre o galego e os municipios de menos de 10.000 habitantes (véxase táboas XV e XVI do Anexo 8.2.1). Sen embargo, o máis importante é comprobar como o castelán está moi preto dos municipios de máis de 50.000 habitantes. Como xa apuntaban Bouzada (1993), Subiela (2010) e González-González (2011), nos municipios urbanos o castelán é predominante, sendo o galego o idioma propio do rural.

A figura 3 ratifica esta idea e, grazas á liña vertical trazada, vese como o tamaño de municipio de procedencia polariza a lingua que se fala habitualmente na UDC. Ó contrario que o sexo ou a área de coñecemento, o tamaño de municipio si que condiciona a lingua que o alumnado fala. Por último, sinalar como noutras linguas está afastada do resto de centroides. Isto é normal, debido ós poucos casos desta variable.

**Figura 3:** Gráfico de categorías conxunta (“Tamaño de municipio” \* “Que lingua fala habitualmente na UDC”).




Fonte: elaboración propia. Inercia (Total) = 0,132. Dimensión 1: inercia = 0,122; proporción da inercia explicada = 0,922.

Doutra banda, tamén se levou a cabo unha ACS entre a lingua que se fala na UDC e a clase social da nai/titora e do pai/titor. O resultado é, canto menos, curioso (figura 4). Por un lado, a clase social do pai/titor segundo Goldthorpe e a lingua que se fala na UDC non ten unha correlación significativa ( $\chi^2=2,318$ ;  $\chi^2^*>0,05$ ). A análise de correspondencia non

mostra ningunha relación entre estas dúas variables (véxase táboas XXI e XXII do Anexo 8.2.1.).

Pola contra, a clase social da nai/titora si que mostra unha correlación altamente significativa ( $\chi^2=33,431$ ;  $\chi^2 < 0,01$ ) (véxase táboas XXIII e XXIV do Anexo 8.2.1.). Na figura 2 pódese ver perfectamente como esta variable discrimina os centroides en dúas partes diferenciáveis. Por un lado, a clase traballadora e, en menor medida, a clase intermedia quedan do lado esquerdo, moi preto das categorías en galego sempre e máis galego que castelán. No lado dereito, pola contra, os centroides da clase de servizos e de en castelán sempre atópanse moi próximos un do outro. Como xa pasaba na figura 1, noutras linguas situase afastada do resto de centroides, polo que non se pode concluír nada respecto a esta categoría. Resulta sorprendente como a clase social do pai/titor resulta nula para explicar que idioma fala unha persoa na UDC e en cambio, a clase social da nai/titora si sexa significativa. Isto pode estar amplamente relacionado coa socialización primaria dun individuo e dun tema que está amplamente tratado no eido das ciencias sociais: a importancia do papel feminino na crianza e educación dos cativos e das cativas (López, 2003; Etxebarria, Apodaca, Fuentes, López, & Ortiz, 2009). O *habitus* das persoas cando medran está influenciado, entre outras cousas, polo trato que o neno ou a nena ten con seus proxenitores (Bourdieu, 1991). Así pois, o que aquí nos atopamos pode deberse a que se o papel da nai/titora é predominante sobre o do pai/titor no tempo que cada un pasa cos fillos, as costumes lingüísticas dela afectarán en maior medida cas del.


**Figura 4:** Gráfico de categorías conxunta (“Clase social da nai segundo Goldthorpe” \* “Que lingua fala habitualmente na UDC”).



Fonte: elaboración propia. Inercia (Total) = 0,038. Dimensión 1: inercia = 0,037; proporción da inercia explicada = 0,985.

Para comprobar como se relacionan estas tres variables (tamaño de municipio, idioma que se fala na UDC e clase social da nai), realizouse a figura 5. Despois de levar a cabo un ACM, pódese observar como se xuntan as categorías *máis de 50.000 habitantes*, en castelán sempre e clase social de servizos. Atendendo a este modelo e ós ACS anteriores, constatase unha relación altamente significativa entre vivir en municipios de gran poboación, pertencer a unha clase social alta e falar castelán. Isto evidencia o que xa se expuxo no marco teórico dunha maneira máis visual. Pola contra, aínda que os centroides non estean tan preto como neste caso, a *clase traballadora*, *menos de 10.000 habitantes* e *en galego sempre* sitúanse ó outro lado da liña vertical trazada, sinalando a clara vinculación entre elas. Por último, é interesante coñecer cal das variables incide máis á hora de discriminar a posición dos centroides (véxase táboas XXIX e XXX do Anexo 8.2.2.). Segundo este modelo, o que máis incide á hora de explicar que idioma fala unha persoa na UDC, o factor clave é o tamaño de municipio. A clase social da nai, neste caso, ten un carácter explicativo menor.

**Figura 5:** Gráfico de categorías conxunta (“Que lingua fala habitualmente na UDC”- “Tamaño de municipio onde está empadroadado”- “Clase social da nai segundo Goldthorpe”).




Fonte: elaboración propia. Autovalor (Total) = 2,664 / Inercia (Dimensión 1) = 0,513 / Alfa de Cronbach (Dimensión 1) = 0,525

O último gráfico á estudar reflicta canto visible é o Servizo de Normalización Lingüística (en diante SNL) para os alumnos e alumnas (gráfico XIV). Recoñécese unha diferencian moi notables na evolución dende o 2003 xa que daquelas, case o 80% descoñecía que era o SNL. Actualmente, despois dun descenso considerable, aquelas persoas que se atopan na mesma situación descendeu ata o 36,6%.

Porén, é importante destacar como o 50,7% do alumnado da UDC coñece en efecto o SNL, pero ignora que fai ou cal é o seu papel. Se sumamos as dúas categorías non e si, pero descoñecemento as súas función atopámonos con que en 2003 un 90,5% das persoas ou non sabían que era o SNL ou ignoraban que tarefa desempeñaba. Actualmente esa cifra sitúase no 87,3% que se atopa no mesmo caso, é dicir, ou non saben que da súa existencia ou ignoran que función realizan. Asemade, para a pregunta “Valore, na seguinte escala do 0 (*pouco implicada*) ao 10 (*moi implicada*), o grao de implicación da UDC á hora de fomentar o uso do galego?” a media é de 4,4 puntos, cunha desviación típica de 2,4. Existe a idea de que a universidade non fai todo o que podería, con un grao medio-baixo de implicación. O valor da desviación típica non é moi elevado, polo que se produce unha conformidade respecto a esta opinión.



**Gráfico 14:** “Coñece vostede o Servizo de Normalización Lingüística (SNL) da UDC?” (%)



Fonte: elaboración propia e Álvarez-Sousa (2005).

## 6. CONCLUSIÓN

Unha vez rematado o proceso da análise dos datos recollidos, é preciso recapitular toda a información recollida neste traballo, así como a avaliación da mesma. Posteriormente, mostrarase unha táboa cos obxectivos e cas hipóteses, a modo de comprobar si se verifican ou se rexeitan. Por último, avaliaranse as fortalezas e debilidades da presente investigación, ademais de expoñer o proceso de aprendizaxe seguido para a realización do mesmo. Antes de comezar, recordar como se veu sinalando ó longo do texto, a utilización dunha mostra de 974 casos (n=974) estratificados por sexo e por área de coñecemento. Para tratar e analizar estes datos, fíxose uso da análise de correspondencias, tanto simples como múltiples, que permite establecer relacións entre variables.

O primeiro que é necesario sinalar é a gran porcentaxe do alumnado (4 de cada 5) que é capaz de entender e ler o galego. A inmensa maioría das persoas que realizaron a enquisa teñen e manexan estas competencias lingüísticas en relación ao galego. De igual xeito, á hora de falar ou escribir, unha maioría (aínda que menor ca nas anteriores categorías) dise capaz de facelo *moi ben* ou *ben*. Aquelas persoas que entenden, falan, len ou escriben o galego *mal* ou *regular* son, a todas luces, unha minoría.

Outro punto importante a destacar son as diferenzas atopadas sobre a lingua na que o estudiantado aprendeu a falar durante a etapa da infancia, comparado co total da poboación galega (IGE, 2019) e tamén coas persoas que estudaban na UDC en 2003 (Álvarez Sousa, 2005). A investigación revela como dende o 2003, os matriculados e matriculadas na UDC que aprenderon a falar en castelán reduciuse á metade. Ó mesmo tempo, o galego como lingua nai do alumnado viu un claro ascenso desde o derradeiro estudo elaborado fai 17 anos. Así e todo, segue estando notablemente por detrás do castelán.

Comparado co total de Galicia, as diferenzas son moi grandes. Aquelas persoas que aprenderon a falar só en galego cando eran nenos, son a metade na UDC (1 de cada 5) ca na sociedade galega (2 de cada 5). As diferenzas educativas que tiveron estas dúas poboacións (Bourdieu, 1991), poderían explicar estas diferenzas. Sen embargo, queda claro que os hábitos lingüísticos da totalidade de galegos e galegas pouco teñen que ver con aqueles propios do segmento de estudantes da UDC. As diferenzas de prestixio do galego e do castelán, son diferentes no grupo do alumnado universitario ca no da totalidade da poboación (Freixeiro-Mato, 1999). Se se compara cos datos recollidos en 2003 por Álvarez-Sousa (2005), compróbase un gran cambio a este respecto na

Universidade da Coruña. Daquela, soamente o 0,4 de 5 alumnos aprenderan a falar só en galego, o que supón un crecemento de máis do dobre (1 de cada 5) na actualidade. Produciuse, por tanto, un gran cambio das orixes sociolingüísticas no estudantado da UDC, a pesar de que estes datos estean afastados da totalidade de Galicia (recordemos, 2 de cada 5 persoas).

Ademais, seguindo a Freixeiro-Mato (2009), a asociación existente entre o galego e o retraso ou falta de coñecemento pode condicionar o uso do mesmo en determinados contextos, como pode ser o universitario. Este, que ten como unha das súas razóns de ser o posuír coñecemento, entra en conflito co prexuízo sobre a lingua galega. Asemade, estas diferencias sociolingüísticas non soamente están presentes nas facultades, senón que tamén estarían presentes no día a día, a propósito destas diferenzas que se dan entre as costumes lingüísticas de Galicia e do propio estudantado.

En relación ó numero de falantes dunha ou doutra lingua, as diferenzas entre a UDC e o total de Galicia continúan. Mentres que na Comunidade Autónoma existe unha certa igualdade na cantidade de falantes en galego e en castelán, na UDC soamente un terzo do estudantado (31,2%) fala só ou maioritariamente galego. Se preguntamos pola lingua que se emprega de xeito exclusivo na UDC, a porcentaxe descende ata o 26,3%. Ó mesmo tempo, o 73,3% fala máis castelán que galego ou soamente castelán na UDC. Esta desproporción tan grande entre as dúas linguas pon de manifesto como o *habitus* que opera nos estudantes universitarios é diferente ó do total galego (Bourdieu, 1991).

Tamén se comprobou a diverxencia entre o numero de galegofalantes que había na UDC en 2003, e os que existen na actualidade. A investigación de Álvarez-Sousa (2005) declaraba que o 21,3% do estudantado universitario da Coruña en 2003 falaba habitualmente galego, mentres que o 77,4% facíao en castelán. Se ben é certo que a porcentaxe de galegofalantes aumentou, os datos reflexan unha lixeira diferenza, poñendo de manifesto unha moderada evolución ascendente que o galego tivo na UDC nos derradeiros 17 anos. Compre puntualizar para poñer en contexto este dato que, segundo o IGE (2019), dende 2003 a 2018 a porcentaxe de persoas que falan só galego ou maioritariamente en galego, descendeu un 9,3% sobre o total. Evidenciase, por tanto, dinámicas moi dispares entre estas poboacións.

Por outro lado, a análise dos datos realizada fai constancia da clara superioridade do castelán á hora de escribir. Tanto no total de Galicia como na UDC actualmente, a

inmensa maioría da poboación escribe habitualmente en castelán. Sen embargo, o 24,8% do alumnado da UDC en 2020 escribe en galego, o que supón un aumento do 15,2% respecto dos datos de Álvarez-Sousa (2005). Esta porcentaxe é tamén superior á dada polo IGE (2019), polo que dos tres universos, o alumnado actual da UDC é o que recoñece escribir en galego en maior medida cós outros.

Doutra banda, un 77,1% de alumnos e alumnas reciben as súas clases total ou maioritariamente en castelán. O profesorado que imparte as súas aulas en galego é moi residual (un 7,4% declaran ter clases maioritariamente en galego) ou directamente é inexistente (un 0,8% afirma ter todas as clases en galego). En troques, soamente un 14,7% recoñece que recibe tantas aulas en castelán como en galego. Estes datos reflexan a disparidade existente entre os dous idiomas. Moito máis se temos en conta que o 51,5% das persoas que realizaron este formulario, recoñecen que preferirían recibir as clases en galego, o que é unha mostra de simpatía pola lingua. Pola contra, un 38,4% do estudantado escollería o castelán como lingua vehicular da docencia na UDC.

O castelán é empregado na docencia dun xeito maioritario, mentres que o galego apenas está presente nas aulas. Sen embargo, un sector considerable do alumnado preferiría recibir as clases en galego. Dende un sector tan importante como é os/as docentes dunha universidade pública galega como é a UDC, chama a atención a situación ten desequilibrada que teñen os dous idiomas co-oficiais de Galicia. O alumnado, ademais, opina que se debería fomentar máis o uso do galego dende os centros educativos. Un 83,0% das persoas que realizaron a enquisa, recoñecen estar *moi de acordo* ou *máis ben de acordo* con esta afirmación, o cal é un indicador de simpatía cara o galego. Este dato é superior incluso ó que Álvarez-Sousa (2005) recolleu no 2003 (un 78,6%). A necesidade de que a UDC potencie o uso do galego é percibida polo o alumnado actual, e así se manifesta cos datos aquí recollidos.

Entre as variables que maior carga explicativa teñen respecto ó uso do galego na UDC cabe destacar varios aspectos. Por un lado, nesta investigación nin o sexo nin a rama de coñecemento afectan o máis mínimo en relación aos usos lingüísticos. A pesar da importancia que se lle deu a estes dous aspectos, o estudo conclúe que nin unha nin a outra variable reflexan unha significación alta. Pola contra, comprobouse como a clase social da nai/titora e o tamaño do municipio onde o alumno ou alumna está empadroadado, posúen unha alta correspondencia, é dicir, o feito diferencial e explicativo no uso do galego ten relación co territorio e co tamaño de poboación do municipio de residencia.

Sen embargo, a clase social do pai/titor non ten ningunha relación co idioma falado. Unha posible explicación a este fenómeno podería ser a importancia da socialización primaria dun individuo, e do papel feminino predominante neste tema como condicionante do aspecto lingüístico do *habitus* (Bourdieu, 1991). Como apuntan diferentes investigacións (López, 2003; Etxebarria et al., 2009), a presenza materna é superior á paterna, polo que esta condiciona en maior medida o desenvolvemento do neno ou nena. Este feito podería tratarse en sucesivas investigacións, xa que se trata dunha hipótese que sería interesante recuperar nun futuro.

En definitiva, as persoas que falan galego na UDC proveñen de municipios pequenos, establecendo unha clara relación entre o rural e este idioma. Pola contra, a relación entre falar castelán e as cidades grandes está presente nos datos recollidos aquí, e reforza a idea que nos municipios grandes apenas se fala galego (Bouzada, 1993; Subiela, 2010; González-González, 2011). Ó mesmo tempo, quen fala galego na UDC entende que a propia universidade debería fomentar máis a súa utilización, xa que o seu uso é insuficiente por parte da institución.

#### **Táboa XIII:** Resumo das principais conclusións.

---

Existe unha gran maioría de persoas que entenden e len o galego ben ou moi ben. Esta cifra é maior ca fai 17 anos. As capacidades para falar e ler nesta lingua son menores cas anteriores pero, aínda así, son moi altas.

---

A porcentaxe de persoas que aprenderon a falar en galego cando eran nenos incrementouse máis do dobre nos últimos 17 anos. Aínda así, sigue sendo unha cifra moito máis baixa ca da sociedade galega no seu conxunto.

---

